# *Orzamentos exercicio 2018*

Universidade de Vigo

# *I. Introdución*

O Equipo reitoral, no último ano do mandato e de acordo coa lexislación e os Estatutos da Universidade de Vigo, somete a aprobación do Consello de Goberno os orzamentos, desta volta para o exercicio económico 2018.

Este exercicio é o cuarto e último da actual etapa de goberno, e o terceiro que se desenvolve no novo marco establecido polo Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2016-2020 (PFSUG), coincidindo co Horizonte 2020 da Unión Europea.

A estrutura deste documento é a seguinte: O primeiro capítulo resume o marco xurídico actual, coma condicionante legal da actuación de goberno. A seguir amosa o PFUG 2016-2020 e a posición da nosa institución verbo do Plan. Continúa coas liñas de actuación de goberno, que materializan a posta en marcha das liñas de actuación da programación plurianual, presentada no ano 2016. O segundo capítulo presenta a previsión orzamentaria de ingresos. No capítulo terceiro, acompáñase a previsión orzamentaria de gastos e, no cuarto e último, as normas que regulan a execución do orzamento. Acompáñase tamén información dos prezos de diferentes servizos públicos en anexo.

## *I. 1. Marco xurídico para a elaboración dos orzamentos*

Os orzamentos da Universidade de Vigo, coma os de calquera institución de carácter público, veñen determinados pola lexislación aplicable. Este contexto, o legal, tense caracterizado nos pasados anos por fixar limitacións ao gasto público, tanto cuantitativas coma cualitativas. A recuperación gradual da economía abriu espazos leves de recuperación ás posibilidades de xestión orzamentaria (véxase a evolución das taxas de reposición) mais continúa a manterse o espírito dominante da norma, de carácter limitativo.

Presentamos, a seguir, a normativa que serve de marco aos orzamentos universitarios, na que os fins últimos son a consolidación fiscal e a transparencia na xestión nas administracións públicas.

Neste marco xurídico de desenvolvemento dos orzamentos, a Universidade de Vigo está suxeita á normativa do Estado e á da Comunidade Autónoma. De xeito máis significativo, á normativa a considerar é a seguinte:

### *I. 1.1. Lei orgánica de Universidades*

O artigo 2.2 da lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades (modificada pola Lei orgánica 4/2007, de 12 de abril) recolle a competencia da universidade para elaborar e aprobar o seu orzamento anual. Nos termos da Lei, a autonomía das universidades comprende "A elaboración, aprobación e xestión dos seus orzamentos e a administración dos seus bens".

O artigo 14.2 establece as competencias do Consello Social sobre o orzamento e a programación plurianual:

"Así mesmo, correspóndelle a aprobación do orzamento e da programación plurianual da universidade, a proposta do Consello de Goberno. Ademais, con carácter previo ao trámite de rendición de contas a que se refiren os artigos 81 e 84, correspóndelle aprobar as contas anuais da universidade e as das entidades que de ela poidan depender e sen prexuízo da lexislación mercantil ou outra ás que as ditas entidades poidan estar sometidas en función da súa personalidade xurídica".

O título XI establece o marco do réxime económico e financeiro das universidades públicas. En concreto:

No artigo 79.1 recóllese que "As universidades públicas terán autonomía económica e financeira nos termos establecidos na presente Lei. A tal efecto, garantirase que as universidades dispoñan dos recursos necesarios para un funcionamento básico de calidade."
O artigo 81 foi obxecto de importantes modificacións por parte do Real Decreto-Lei 14/2012, de 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo, que no seu artigo 6 indica:
81.2: O orzamento será público e equilibrado, e comprenderá a totalidade dos seus ingresos e gastos. Para garantir un mellor cumprimento da lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, as universidades deberán cumprir coas obrigas seguintes:

- Aprobarán un límite máximo de gasto con carácter anual que non poderá ser superado.
- Os orzamentos e as súas liquidacións farán unha referencia expresa ao cumprimento do equilibrio e sustentabilidade financeiros.

81.4: Ao estado de gastos correntes acompañarase a relación de postos de traballo do persoal de todas as categorías da universidade, especificando a totalidade dos custes da mesma e incluíndo un anexo no que figuren os postos de novo ingreso que se propoñen.
Os custos do persoal docente e investigador, así como de administración e servizos, deberán ser autorizados pola Comunidade Autónoma, no marco da normativa básica sobre Oferta de emprego público. Así mesmo, o nomeamento de persoal funcionario interino e a contratación de persoal laboral temporal polas universidades deberá respectar a normativa básica estatal na materia.

81.5: As universidades deberán confeccionar a liquidación do seu orzamento antes do primeiro de marzo do exercicio seguinte.
En caso de liquidación do orzamento con remanente de tesourería negativo, o Consello Social deberá proceder na primeira sesión que celebre á redución de gastos do novo orzamento pola contía igual ao déficit producido. A expresada redución só poderá revocarse por acordo de dito órgano, a proposta do Reitor, previo informe do interventor e autorización do órgano correspondente da Comunidade Autónoma, cando a dispoñibilidade orzamentaria e a situación de tesourería o permitiran.
As transferencias, con cargo aos orzamentos da Comunidades Autónoma, a favor, directa ou indirectamente, das universidades requirirán a aprobación e posta en marcha da redución de gastos.
As universidades remitirán copia da liquidación dos seus orzamentos e o resto de documentos que constitúan as súas contas anuais á Comunidade Autónoma (….) A falta de remisión da

liquidación do orzamento, ou a falta de adopción de medidas no caso de liquidación con remanente negativo, facultará á Comunidade Autónoma para adoptar, no ámbito das súas competencias, as medidas necesarias para garantir a estabilidade orzamentaria da Universidade.

### *I.1.2. Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira*

Publicada no BOE do 30 de abril de 2012, o seu artigo segundo establece que será de aplicación a: b) Ás Comunidades Autónomas, incluíndo nas mesmas todas as entidades vinculadas entre as que se atopan as universidades.

O artigo 3, o principio de estabilidade orzamentaria sinala:

1. A elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta lei realizaranse nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea.
2. Entenderase por estabilidade orzamentaria das administracións públicas a situación de equilibrio ou superávit estrutural.

O artigo undécimo, referido á instrumentación de estabilidade orzamentaria, recolle que:

1. A elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos das administracións públicas e demais entidades que forman parte do sector público someteranse ao principio de estabilidade orzamentaria.
2. Ningunha Administración pública poderá incorrer en déficit estrutural, definido como déficit axustado do ciclo, neto de medidas excepcionais e temporais.

O capítulo IV da lei orgánica dedícase ás medidas preventivas, correctivas e coercitivas. O seu artigo 18 sobre medidas automáticas de prevención indica no seu apartado primeiro:

1. As administracións públicas farán un seguimento dos datos de execución orzamentaria e axustarán o gasto público para garantir que ao peche do exercicio non se incumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Entre as medidas correctivas, o artigo 21 sobre o plan económico-financeiro sinala:

1. En caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, a Administración que incumpra formulará un plan económico-financeiro que permita nun ano o cumprimento dos obxectivos ou da regra de gasto, co contido e alcance previstos neste artigo.
2. plan económico-financeiro conterá como mínimo a seguinte información:

a) As causas do incumprimento do obxectivo establecido ou, se for o caso, do incumprimento da regra de gasto.
b) As previsións tendenciais de ingresos e gastos, baixo o suposto de que non se producen cambios nas políticas fiscais e de gastos.
c) A descrición, cuantificación e o calendario de aplicación das medidas incluídas no plan, sinalando as aplicacións orzamentarias ou rexistros extraorzamentarios en que se contabilizarán.
d) As previsións das variables económicas e orzamentarias das que parte o plan, así como os supostos sobre os cales se basean estas previsións, en consonancia co recollido no informe a que se fai referencia no número 5 do artigo 15. e) Unha análise de sensibilidade considerando escenarios económicos alternativos.

A sección terceira da lei orgánica dedícase ás medidas coercitivas para o caso de incumprimentos por parte da Administración pública responsable.

O artigo 25 sinala:
1. En caso de falta de presentación, de falta de aprobación ou de incumprimento do plan económico-financeiro ou do plan de reequilibrio, a Administración pública responsable deberá:
a) Aprobar no prazo de 15 días desde que se produza o incumprimento a non dispoñibilidade de créditos que garanta o cumprimento do obxectivo establecido.
b) Constituír un depósito con xuros no Banco de España equivalente ao 0,2 por cento do seu produto interior bruto nominal. O depósito será cancelado no momento en que se apliquen as medidas que garantan o cumprimento dos obxectivos.
Se no prazo de 3 meses desde a constitución do depósito non se presentase ou aprobase o plan, ou non se aplicasen as medidas, o depósito non devengará xuros. Se transcorrido un novo prazo de 3 meses persiste o incumprimento, poderá acordar que o depósito se converterá en multa coercitiva.
2. De non adaptarse as medidas previstas na alínea a) do número anterior ou no caso de estas resultaren insuficientes, o Goberno poderá acordar o envío, baixo a dirección do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, dunha comisión de expertos para valorar a situación

económico-orzamentaria da Administración afectada. Esta comisión poderá solicitar, e a administración correspondente estará obrigada a facilitar, calquera dato, información ou antecedente respecto ás aplicacións de ingresos ou gastos. A comisión deberá presentar unha proposta de medidas e as súas conclusións faranse públicas nunha semana. As medidas propostas serán de obrigado cumprimento para a Administración que incumpra.

Non se poderá autorizar ningunha operación de crédito, nin a administración correspondente terá acceso aos mecanismos de financiamento previstos nesta lei até que as devanditas medidas fosen implementadas.

### *I.1.3. Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira*

(a súa vixencia esta afectada pola posterior reforma do artigo 135 da Constitución e pola promulgación da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira).

Publicada no DOG do 29 de xuño de 2011, o seu artigo segundo establece que será de aplicación a: c) Ás universidades públicas de Galicia e aos axentes vinculados a estas ou dependentes delas.

O artigo 3, principio de sustentabilidade financeira, sinala:

1. As actuacións dos axentes incluídos no ámbito de aplicación desta lei garantiran a sustentabilidade financeira das súas finanzas ao longo do ciclo económico.
2. Entenderase por sustentabilidade financeira, para os efectos desta lei, a capacidade de financiar compromisos de gasto presentes e futuros sen incorrer nun déficit ou endebedamento publico excesivo consonte as normas de estabilidade orzamentaria e os compromisos do Pacto de estabilidade e crecemento no ámbito da Unión Europea.

O artigo 4, principio de estabilidade orzamentaria, sinala:

1. A política orzamentaria dos axentes incluídos no ámbito de aplicación desta lei supeditarase ao cumprimento estrito do obxectivo de estabilidade orzamentaria fixado para a Comunidade Autónoma de Galicia, definido en termos de capacidade ou necesidade de financiamento e expresado en porcentaxe do produto interior bruto rexional a prezos de mercado.
3. Entenderase por estabilidade orzamentaria, en relación coas entidades do artigo 2.2 a), a situación de equilibrio ou superávit computada, ao longo do ciclo económico, en termos de capacidade de financiamento acorde coa definición contida no sistema europeo de contas nacionais e rexionais.

4. Entenderase por estabilidade orzamentaria, en relación coas entidades do artigo 2.2 b), a posición de equilibrio financeiro.

O artigo noveno, referido á instrumentación de estabilidade orzamentaria, recolle que:

1. A elaboración, aprobación e execución dos orzamentos dos distintos axentes comprendidos no artigo 2.2 a) realizarase en equilibrio ou superávit orzamentario, computado en termos de capacidade de financiamento segundo a definición contida no sistema europeo de contas nacionais e rexionais.

2. Excepcionalmente, en función da situación cíclica da economía ou de circunstancias extraordinarias, a Administración xeral da Comunidade Autónoma poderá presentar déficit, de acordo cos requisitos establecidos pola normativa básica en materia de estabilidade orzamentaria.

Os orzamentos iniciais, ou, se é o caso, modificados, dos restantes axentes deberán aprobarse e liquidarse en equilibrio en termos de contabilidade nacional, agás as aplicacións que se financien con remanente afectado.

3. A elaboración, aprobación e execución orzamentaria dos axentes aos que se refire o artigo 2.2 b) realizarase en posición de equilibrio financeiro, de acordo cos criterios do plan de contabilidade que lles sexa aplicable.

Entenderase que un axente se atopa en situación de desequilibrio financeiro cando incorra en perdas das que o saneamento requira a dotación de recursos non previstos nos orzamentos dos axentes do artigo 2.2 a) que os acheguen.

No seu artigo 21. Disposicións especificas para as universidades e para os axentes vinculados a estas ou dependentes delas, indica:

Ademais das disposicións contidas nos capítulos precedentes desta lei, ás universidades e aos axentes vinculados a estas ou dependentes delas seranlles aplicables as seguintes disposicións especificas:

1. Os orzamentos das universidades deberán elaborarse con criterios homoxéneos, de forma que sexa posible a súa consolidación cos orzamentos xerais da CC.AA. de Galicia.
2. As contas anuais consolidadas de cada universidade deberán remitirse á consellería competente en materia de facenda antes do 30 de xuño do exercicio seguinte. Esta documentación xuntaráselle á Conta Xeral da CC.AA. de Galicia para a súa remisión ao Consello de Contas de Galicia.

Na súa disposición transitoria. Plans de sustentabilidade financeira das universidades, indica:

> Os orzamentos das universidades axustaranse e executaranse, en todo caso, consonte os planos de sustentabilidade financeira presentados ao abeiro do Plan de financiamento universitario 2011-2015 e co informe favorable da consellería competente en materia de facenda.

### *I.1.4. Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2016-2020*

O PFSUG 2016-2020 establece un marco financeiro para as tres universidades do SUG, no que se marcan unhas areas de reparto e indicadores para a distribución das achegas orzamentarias. Este plan continua as liñas básicas trazadas no anterior plan de financiamento do SUG 2011-2015, mudando os criterios de reparto entre as tres universidades e asignando novas ponderacións aos diferentes indicadores aprobados.

O actual mantén a liña iniciada no 2011, establecendo un moderado incremento da financiación para os próximos tres anos e outorgando progresivamente un maior peso ao reparto por resultados.

No apartado segundo deste capítulo indícanse os aspectos máis salientables do PFSUG, así coma o efecto agardado sobre o orzamento da nosa institución para os vindeiros anos.

### *I.1.5. Estatutos da Universidade de Vigo*

Os estatutos da Universidade de Vigo, aprobados por Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, da Xunta de Galicia, recollen como unha das funcións do Consello de Goberno (artigo 39 j) a aprobación dos proxectos de orzamentos, segundo o informe preceptivo das liñas xerais do Claustro, das contas anuais da Universidade para o seu trámite ao Consello Social.

No seu título VII dedicado ao réxime económico e financeiro da Universidade, sinálase no artigo 153 respecto ao orzamento:

> O orzamento anual da Universidade de Vigo será público, único e equilibrado e consistirá na relación detallada de todos os ingresos e gastos que deba realizar a Universidade durante un ano natural. A estrutura do orzamento da Universidade, o seu sistema contable e os documentos que comprenden as súas contas anuais adaptaranse ás normas que, con carácter xeral, se establecen para o sector público e, para os efectos de normalización contable, aos plans de contabilidade que a Xunta de Galicia puidese establecer para as universidades da súa competencia.

## *I.1.6. Lei 3/2017 do 27 de Xuño de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017 prorrogado para o ano 2018*

O 27 de xuño de 2017, o Goberno de España publica a Lei de Orzamento para o exercicio 2017, que se prorrogará para o exercicio 2018. Neste documento, publicado no BOE nº 153 do 28 de xuño de 2017, a lei mantén as liñas xerais en materia de emprego público, ás que as universidades, dado o carácter básico da norma, tamén están sometidas.

O artigo 18 establece o ámbito de aplicación das medidas recollidas no Capítulo I: Dos gastos de persoal ao servizo do sector público, dentro do Título III: Dos gastos de persoal:

> *"Un. A efectos do establecido no presente capítulo, constitúen o sector público:*
>
> *b) As administracións das Comunidades Autónomas, os organismos delas dependentes e as universidades da súa competencia."*

No apartado 2 do artigo 18 establécese que no ano 2017 (e daquela para o 2018), as retribucións do persoal ao servizo do sector público non poderán experimentar un incremento global superior ao un por cento verbo das vixentes a 31 de decembro de 2016, en termos de homoxeneidade para os dous períodos da comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á antigüidade do mesmo.

O artigo 19 regula a oferta de emprego público ou outro instrumento similar de xestión da provisión de necesidades de persoal, sinalando no seu apartado Un.1. que: *"A incorporación de novo persoal no sector público delimitado no artigo anterior, a excepción das sociedades mercantís públicas e entidades públicas empresariais, fundacións do sector público e consorcios participados maioritariamente polas Administracións e Organismos que integran o Sector Público, que se rexerán polo disposto nas disposicións adicionais décima quinta, décima sexta e décima*
*sétima respectivamente, desta Lei e dos Órganos Constitucionais do Estado, estará suxeita aos límites e requisitos establecidos nos apartados seguintes. Exceptuase do disposto no parágrafo anterior, a incorporación de persoal que poida derivarse da execución de procesos selectivos correspondentes a Ofertas de Emprego Público de exercicios anteriores."*

No mesmo artigo no Un.2. indícase que respectando, en todo caso, as dispoñibilidades orzamentarias do Capítulo I dos correspondentes orzamentos de gastos, nos seguintes sectores e administracións a taxa de reposición fixarase ata un máximo do cen por cento:

> I) "Ás Administracións Públicas en relación coas prazas de persoal investigador doutor dos Corpos e Escalas dos organismos públicos de investigación definidos na Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación."
>
> Así mesmo, autorízanse un total de 25 prazas nos Organismos Públicos de Investigación, para a contratación de persoal investigador doutor, con certificado I3, na modalidade de Investigador distinguido, como persoal laboral fixo en ditos Organismos, previa

acreditación de que a Oferta de Emprego Público destas prazas non afecta aos límites fixados na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

Igualmente, co límite máximo do cen por cento da taxa de reposición, autorizase aos organismos de investigación doutras Administracións Públicas para a contratación de persoal investigador doutor que teña superado unha avaliación equivalente ao certificado I3, na modalidade de investigador distinguido, como persoal laboral fixo en ditos organismos, previa acreditación de que a oferta de emprego público destas prazas non afecta aos límites fixados na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

J) As prazas dos Corpos de Catedráticos da Universidade e de Profesores Titulares de Universidade e as prazas de persoal de administración e servizos das Universidades, sempre que por parte das administracións públicas das que dependan se autoricen as correspondentes convocatorias, previa acreditación de que a oferta de emprego público das citadas prazas non afecta ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria establecidos para a correspondente universidade, nin dos demais límites fixados na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

Dentro do límite da taxa de reposición correspondente aos corpos de catedráticos de universidade e de profesores titulares de universidade, previsto no parágrafo anterior, cada universidade estará obrigada a destinar, como mínimo, un quince por cento do total de prazas que oferte, á contratación, como persoal laboral fixo, de persoal investigador doutor que finalizase o Programa Ramón y Cajal e obtivese o certificado I3. As prazas de profesor contratado doutor que queden vacantes como consecuencia do acceso a un Corpo docente universitario, poderanse incluír na taxa de reposición do exercicio seguinte.

No Un.2 indícase que "Non se poderá proceder á contratación de persoal temporal, así coma ao nomeamento de persoal estatutario temporal e de funcionarios interinos excepto en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables..."

### *I.1.7. Proxecto de Lei de Orzamentos da CC.AA. de Galicia para o ano 2018.*

O proxecto de Lei, actualmente en fase de discusión no Parlamento de Galicia, dedica o seu Título II aos gastos de persoal, recollendo no seu artigo 11 de Bases da actividade económica en materia de gastos de persoal:

*Dous.- "No ano 2018 as retribucións do persoal ao servizo do sector público autonómico non poderán experimentar ningún incremento respecto das vixentes a 31 de decembro do 2017, en termos de homoxeneidade para os dous períodos da comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal coma á súa antigüidade."*

O proxecto de orzamentos dedica o seu capítulo IV ás universidades que integran o SUG, fixando no artigo 33 os custes máximos de persoal autorizado e que:

*Un.- "De conformidade co establecido no artigo 81.4 da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades, e en concordancia coa evolución da masa salarial do persoal ao servizo da Comunidade Autónoma e coa normativa básica en materia de reposición de efectivos, autorízanse para o ano 2018 os custos do persoal docente e investigador e de administración e servizos das universidades do Sistema universitario de Galicia nas seguintes contías:*

| | MASA SALARIAL | CARGAS SOCIAIS | TOTAL |
|---|---|---|---|
| UNIVERSIDADE DA CORUÑA | 80.193 | 12.107 | 92.300 |
| UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA | 131.131 | 18.019 | 149.150 |
| UNIVERSIDADE DE VIGO | 82.908 | 13.385 | 96.293 |
| TOTAL | 294.232 | 43.511 | 337.743 |

*Dentro das anteriores contías non está incluído o custo do persoal investigador de proxectos e contratos de investigación e do persoal técnico de apoio contratado con cargo a eses proxectos e contratos.*

*Dous.- As retribucións anuais do persoal ao servizo das entidades integrantes do Sistema universitario de Galicia non experimentarán incremento respecto das vixentes a 31 de decembro de 2017.*

Os artigos seguintes, 34 e 35, están dedicados aos límites á contratación de persoal e ás retribucións adicionais do persoal docente e investigador fixadas pola Comunidade Autónoma:

*Artigo 34.- Retribucións adicionais do persoal ao servizo das entidades integrantes do Sistema universitario de Galicia.*

*O importe das retribucións adicionais correspondentes aos complementos retributivos autonómicos vinculados ao recoñecemento ao labor docente, ao labor investigador, polos cargos de xestión e á excelencia curricular docente e investigadora que, se é o caso, lle correspondan ao persoal docente e investigador funcionario e contratado doutor non experimentarán incremento respecto das vixentes a 31 de decembro de 2017*

*Artigo 35.- Oferta de emprego público ou outro instrumento similar de xestión da provisión de necesidades de persoal do Sistema universitario de Galicia.*

*Un. As universidades integrantes do Sistema universitario de Galicia, respectando as dispoñibilidades orzamentarias do capítulo I dos correspondentes orzamentos de gastos, aplicarán a taxa de reposición máxima establecida na normativa básica ditada ao respecto con suxeición aos límites e requisitos establecidos para os*

*corpos de catedráticos de universidade e de profesores titulares de universidade e mais ás prazas de persoal de administración e servizos. As correspondentes convocatorias deberaas autorizar a Consellería de Facenda, logo de acreditar que a oferta de emprego público das mencionadas prazas non afecta o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria establecidos para a correspondente universidade, nin dos demais límites fixados na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.*

*Dous. Dentro das contías máximas autorizadas no artigo 34 desta lei e de acórdocho que dispón a normativa básica en materia de taxa de reposición de efectivos, as universidades do Sistema universitario de Galicia poderán proceder excepcionalmente á contratación de persoal laboral temporal para cubrir necesidades docentes urxentes e inaprazables.*

*Substitúese o réxime de autorización previa conxunta polo de comunicación mensual que determinen as consellerías competentes en materia de universidades e orzamentos. Mediante resolución destes centros directivos poderase volver ao sistema anterior no caso de que non se realicen as mencionadas comunicacións ou se incumpran as condicións recollidas no parágrafo anterior para a celebración destes contratos.*

### *I.1.8. Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno*

A lei 19/2013 ten por obxecto ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública, regular e garantir o dereito de acceso á información relativa a aquela actividade e establecer as obrigas de bo goberno que deben cumprir os responsables públicos.

Son obxecto de mención pola implicación que supoñen para o funcionamento da universidade os seguintes artigos:

Artigo 5, punto 4: A información suxeita ás obrigas de transparencia será publicada nas correspondentes sedes electrónicas ou páxinas web de maneira clara, estruturada e entendible para os interesados (...).

Artigo 8, punto 1: Os suxeitos incluídos no ámbito de aplicación deste título deberán facer pública, como mínimo, a información relativa aos actos de xestión administrativa con repercusión económica ou orzamentaria (...)

Artigo 26, Principios do bo goberno, enumera entre os seus principios xerais para as persoas comprendidas no ámbito de aplicación deste Título:

- Actuarán con transparencia na xestión dos asuntos públicos, de acordo cos principios de eficacia, economía e eficiencia e co obxectivo de satisfacer o interese xeral.
- Exercerán as súas funcións con dedicación ao servizo público.

- Respectarán o principio de imparcialidade.
- Asegurarán un trato igual e sen discriminacións de ningún tipo no exercicio das súas funcións.
- Actuarán coa dilixencia debida no cumprimento das súas obrigas e fomentarán a calidade na prestación dos servizos públicos.
- Manterán unha conduta digna e tratarán aos cidadáns con esmerada corrección.
- Asumirán a responsabilidade das decisións e actuacións propias e dos organismos que dirixen.

## *I.2. O Plan de Financiamento Universitario de Galicia 2016-2020*

Para este exercicio económico 2018, aplicamos por terceira vez o vixente Plan para o Financiamento Universitario de Galicia (PFSUG 2016-2020), posto en marcha no exercicio 2016.

Como xa nos temos pronunciado canda a aprobación do Plan, e tamén na preparación do orzamento dos exercicios precedentes, o Plan supuxo un lixeiro aumento das achegas, consonte as expectativas de recuperación económica, e tamén considera a necesidade de incluír o financiamento por resultados, como veu defendendo nos últimos anos a Universidade de Vigo. Pola contra, o actual Plan reduciu os fondos reais repartidos en función de resultados.

A estrutura de financiamento do PFSUG continúa repartida en dous grandes fondos, o financiamento estrutural e o financiamento por resultados.

### *I.2.1 financiamento estrutural*

O financiamento estrutural no PFSUG 2016-2020 representou no ano 2016 o 66,6% do total do financiamento do plan, cun importe inicial de 237,75 millóns de euros anuais. Esta contía está dedicada a financiar o custo estimado das necesidades de persoal docente e investigador e de administración e servizos, partindo dunha estimación teórica de custo estándar da docencia. Así mesmo este custo calcúlase en función do número de alumnado, eliminando os criterios históricos e mellorando a transparencia e obxectividade do fondo. Para o ano 2018, terceiro de aplicación do plan, o financiamento estrutural estímase en 268,61 millóns de euros, o 64,1% do total, calculado en 419,67 millóns de euros. Un 35,54% iría a financiamento por resultados e as centésimas porcentuais restantes a outros conceptos.

A táboa nº1 introduce os criterios de reparto do fondo estrutural para 2018, que definimos a seguir:

| FONDO | | DEFINICIÓN |
|---|---|---|
| FINANCIAMENTO ESTRUTURAL | CUSTE ESTÁNDAR | Inclúe contías a transferir a cada institución en función do custe estimado da docencia nos graos e máster oficiais ofertados, PDI, PAS e capacidade instalada.<br>O cálculo baséase en datos das universidades.<br>Compoñentes:<br>-custe da formación<br>-custe do persoal de apoio |
| | RAM | Inclúe contías a transferir en concepto de obras de reforma, ampliación e mellora. O cálculo baséase na valoración de bens inmobles de cada entidade (datos de orzamentos liquidados). |

*Táboa nº1.- Criterios de cálculo de financiamento estrutural no actual PFSUG*

a) Fondo determinado polo custe estándar: o reparto deste fondo baséase na estimación do custe docente estándar e do custe funcional das universidades do SUG, que será recalculada anualmente. Para este cálculo tomaranse como referencia os seguintes parámetros estándar:

- Tamaño de grupo: para cada unha das materias ofertadas polas universidades públicas en Titulacións oficiais (graos e máster) defínese un tamaño de grupo estándar, distinguindo entre créditos teóricos (establecido en 60 alumnos por grupo) e prácticos (16 alumnos para as materias experimentais e 38 para as non experimentais).
- Número de horas de docencia por crédito: establécese en 7 horas, das que 4 corresponden á docencia teórica e 3 á docencia práctica.
- Número de horas de docencia por cada PDI: establécese que para determinar o reparto estrutural o número de horas por cada PDI será de 180 horas de docencia.
- Módulo económico: establécese un módulo estándar de docencia tendo en conta as Retribucións do PDI en función do tipo de efectivo (Catedrático/a, Titular, Contratado/a doutor/a, Axudante doutor/a e Asociado/a).

A efectos de cálculo deste apartado, para o ano 2018, o financiamento estrutural recibido por cada crédito matriculado na Universidade de Vigo é de 93 €.

b) Fondo determinado pola reforma, acondicionamento e mellora (RAM): trátase do financiamento estrutural destinado a subvencionar gastos de investimento derivados de obras por estas tres necesidades. O reparto deste subfondo realizarase tendo en conta as contías

percibidas por este concepto por cada unha das universidades no 2015 e a valoración dos bens inmobles de cada una delas, de acordo coa táboa nº2:

| Exercicio orzamentario | % correspondente ao reparto de 2015 | % correspondente a valoración de bens inmobles |
|---|---|---|
| 2017 | 37,50 | 62,50 |
| 2018 | 25,00 | 75,00 |
| 2019 | 12,50 | 87,50 |
| 2020 | 0,00 | 100,00 |

*Táboa nº2.- Porcentaxes de reparto do fondo RAM*

Ao noso xuízo, os criterios de determinación que acabamos de describir teñen o efecto positivo de ser parámetros de medida; sen embargo, adoecen de condicións necesarias para definirse como custe estándar da docencia, que ten compoñentes que consideramos que non se inclúen nesta definición. O novo reparto do financiamento estrutural, en todo caso, está determinado por este modelo.

### *I.2.2. O financiamento por resultados*

O financiamento por resultados representou no exercicio 2016, primeiro do plan vixente, o 33,4% do total do financiamento e estímase que chegará a representar o 40% no 2020. A porcentaxe para o exercicio 2018 é dun 35,54%.

No que toca ao seu reparto, a táboa nº3 recolle os diferentes conceptos que compoñen os resultados. Entre eles están os sexenios e complementos retributivos do persoal de cada unha das universidades do SUG e os convenios vinculados a liñas de investigación, que no plan anterior non se consideraban parte do financiamento por resultados.

Para o reparto deste fondo realízase un cálculo en base a indicadores de índole académica, de investigación e transferencia, e uns obxectivos de mellora da calidade para avanzar na especialización dos campus e na mellora en rankings académicos, entre outros. A táboa nº5 presenta o reparto deste financiamento.

A definición dos criterios e subfondos que compoñen o financiamento por resultados é a seguinte:

a) Complementos retributivos e compensación de matrículas:

Este subfondo comprende as compensacións ás universidades polos custes inducidos pola normativa estatal e autonómica, que atinxe a complementos retributivos do persoal docente funcionario e ás compensacións por matrícula do alumnado.

| | | |
|---|---|---|
| **FINANCIAMENTO POR RESULTADOS** | **COMPLEMENTOS RETRIBUTIVOS E COMPENSACIÓN POR MATRÍCULAS** | Compensación normativa estatal e autonómica: contías derivadas das liquidacións anuais dos complementos retributivos estatais e autonómicos e compensacións anuais por bolsas e prezos públicos |
| | **OUTROS CUSTES ASOCIADOS AO ENSINO UNIVERSITARIO** | Contías derivadas do cumprimento de obxectivos funcionais de:<br>-Centros asociados da UNED en Galicia<br>-Fundación Rof Codina<br>-Axencia da Calidade do SUG<br>-Consellos sociais |
| | **PANEL DE INDICADORES** | Contías vinculadas aos resultados obtidos polas universidades en cada un dos indicadores que configuren un panel no que se recollan as principais areas de acción:<br>-Indicadores de rendemento académico<br>-Indicadores de investigación e transferencia |
| | **FOMENTO DA I+D+i E A TRANSFERENCIA** | Contías vinculadas ao financiamento da investigación mediante convocatorias en concorrencia competitiva e convenios para a execución de programas de investigación e transferencia de coñecemento vinculados a:<br>-captación, formación e retención de talento<br>-investigación de referencia<br>-accións de mellora da calidade |

*Táboa nº3.- Criterios de cálculo de financiamento por resultados no novo PFSUG*

b) Outros custes asociados ao ensino universitario:

Nesta partida se consideran os créditos destinados a institucións de carácter universitario que desenvolven a súa actividade no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

c) Panel de indicadores:

O reparto dos créditos asociados a este subfondo realizarase aplicando os valores obtidos por cada unha das universidades do SUG nos indicadores de resultados recollidos na táboa nº4, que definen os obxectivos a acadar, fundamentalmente vinculados á investigación.

| CÓDIGO | DENOMINACIÓN | PONDERACIÓN % |
|---|---|---|
| PGFU-01 | Número de grupos de investigación | 10 |
| PGFU-02 | Captación de talento investigador | 20 |
| PGFU-03 | Patentes en explotación | 6 |
| PGFU-04 | Relación entre sexenios posibles e óptimos | 5 |
| PGFU-05 | Produción científica | 10 |
| PGFU-06 | Visibilidade da produción científica | 10 |
| PGFU-07 | Teses de doutoramento defendidas | 2 |
| PGFU-08 | Ingresos de investigación | 15 |
| PGFU-09 | Proxectos nacionais e internacionais | 5 |
| PGFU-10 | Alumnado de posgrao por graduado | 10 |
| PGFU-11 | Taxa de graduación | 6 |
| PGFU-12 | Alumnado estranxeiro matriculado | 1 |

*Táboa nº4.- Panel de indicadores de resultados*

d) Fomento da I+D+i e da Transferencia

Comprende os créditos vinculados ao financiamento da I+D+i realizadas no eido universitario e noutros centros públicos de investigación avanzada, así como a transferencia de coñecemento. As actuacións enmárcanse no Plan de Innovación Intelixente de Galicia 2016-2020 e no programa operativo Horizonte 2020 da Unión Europea. O reparto deste fondo realízase en función de convocatorias de concorrencia competitiva, polo que o financiamento por este concepto depende da taxa de éxito nas convocatorias.

## *I. 2.3. Estimación do financiamento pola aplicación do novo PFSUG 2016-2020*

Aprobado este novo PFSUG, a estimación de ingresos para a Universidade de Vigo para os próximos tres exercicios, recóllese na táboa nº5, expresada en miles de euros.

| FONDO | DISTRIBUCIÓN | 2018 | 2019 | 2020 |
|---|---|---|---|---|
| FINANCIAMENTO ESTRUCTURAL | CUSTE ESTANDAR | 78.876 | 79.100 | 79.300 |
| | RAM | 1.644 | 1.644 | 1.644 |
| Financiamento por resultados | COMP. RETRIBUTIVOS E COMP. POR MATRICULAS | 7.550 | 7.800 | 8.050 |
| | OUTROS CUSTES ASOCIADOS AO ENSION UNIVERSITARIO | 62 | 62 | 62 |
| | PANEL DE INDICADORES | 20.900 | 21.050 | 21.175 |
| | TOTAL | 109.032 | 109.656 | 110.231 |

*Táboa nº5.- Estimación de financiamento pola aplicación do novo PFSUG*

No cálculo das achegas para o ano 2018 xa se observaba a nova distribución do plan que reparte máis fondos a través dos indicadores de resultados. Asumindo que a táboa anterior é tan só unha estimación, pódese apreciar que os valores agardados para os próximos tres anos ofrecen estabilidade, mais non grandes mellorías de financiamento O escaso crecemento da serie queda condicionado a un mellor resultado no panel de indicadores. Isto é consecuencia, pola súa vez, da previsión de evolución das principais magnitudes do PFSUG, que ofrecemos na táboa nº6:

| FONDO | SUBFONDO | EVOLUCIÓN |
|---|---|---|
| FINANCIAMENTO ESTRUCTURAL | CUSTE ESTANDAR | Evolución da masa salarial |
| | RAM | Constante |
| FINANCIAMENTO POR RESULTADOS | COMP. RETRIBUTIVOS E COMP. POR MATRICULAS | Complemento vixentes |
| | OUTROS CUSTES ASOCIADOS AO ENSION UNIVERSITARIO | Constante agás ACSUG con evolución da masa salarial |
| | PANEL DE INDICADORES | PIB real |
| | FOMENTO DA I+D+i E A TRANSFERENCIA | Taxa de referencia de crecemento do PIB x 2 |

*Táboa nº6. Evolución prevista do PFSUG*

# *I.3. Liñas básicas de actuación*

Presentamos, a seguir, as liñas básicas de actuación, continuidade das presentadas ao comezo do mandato, que remata neste exercicio económico.

## *A. Compromisos profesionais con PDI e PAS*

Respecto ao PDI, e como xa sucedera no exercicio anterior, o marco legal limita a saída de prazas a unha taxa de reposición do 100%, incrementada coa posibilidade de convocar un número de prazas de promoción a Catedrática/o de Universidade equivalente ao número de prazas de profesorado funcionario convocadas. Esta complétase cunha taxa adicional para estabilización de profesorado interino.

Como xa viñemos actuando ao longo do mandato, a nosa institución ten a intención de promover a saída total de prazas que permite a lei, e estabilizar ás persoas en situación de interinidade que acreditaron méritos para a súa promoción.

Outro paso relevante nesta dirección, na de facilitar a incorporación por méritos de investigadores sen estabilidade, é a inclusión no capítulo I de gastos de persoal de prazas de investigadores que estaban ata este exercicio no capítulo VI. A negociación coa Xunta de Galicia que permitiu incluír no cómputo da masa salarial a estas persoas abre a porta á súa consolidación coma PDI da Universidade de Vigo.

Respecto de novas prazas de profesorado axudante e axudante doutor, atenderase especificamente a situación das áreas de coñecemento, incentivando de xeito activo a convocatoria nas áreas e departamentos con maior necesidade de profesorado permanente.

No que toca á política dirixida ao Persoal de Administración e Servizos da Universidade de Vigo, a nosa actividade estará centrada nos seguintes eixos:

Unha vez executadas as novas relacións de postos de traballo (RPT) do persoal de administración e servizos laboral e funcionario ao longo do exercicio 2018, incidiremos nas políticas de diminución da taxa de temporalidade; por unha banda, impulsando a execución das ofertas de emprego publico xa aprobadas e, por outra, negociando, á espera da redacción dos orzamentos do Estado, a oferta de emprego publico do exercicio 2018, neste ultimo caso cunha clara vontade de incorporar todas as prazas agora mesmo desempeñadas por persoal interino. Entendemos que esta aposta e fundamental para o noso capital humano.

Outro eixo de actuación será a continuidade do traballo coa representación social, unha vez incorporados os representantes do PAS Funcionario á mesa de negociación, para progresar no

proceso de funcionarización do persoal laboral, conforme ao compromiso adquirido polo equipo de goberno.

En consonancia cos cambios motivados polos concursos do persoal de administración e servizos, continuarase cos procesos de mellora e impulso da formación, de cara a unha mellor cualificación e capacitación do noso persoal e tamén se impulsaran os procesos de mobilidade como medio de favorecer a incorporación das mellores practicas doutros eidos.

Todo isto sen prexuízo de manter aberto un dialogo permanente coa representación dos traballadores para dar acubillo a todas aquelas aportacións de interese común para a universidade.

## *B. Desenvolvemento integral dos e das estudantes*

Coma en exercicios anteriores, entendemos que a universidade ten un compromiso integral, cos e cas estudantes. Un compromiso que se manifesta nun conxunto de liñas de actuación externas e complementarias á propia docencia.

Os obxectivos para este ano 2018 son os seguintes:

Normativas. A previsible aprobación dos novos estatutos e a experiencia na aplicación dalgunhas normas aconsellan a actualización dalgunhas normas. En particular:

- A normativa de avaliación por compensación.
- regulamento de avaliación
- A normativa de prácticas externas

Ás anteriores, acompañarase unha guía do estudante en colaboración cos representantes de estudantes

Bolsas: Manteranse as seguintes bolsas de financiamento propio, en paralelo ás convocatorias financiadas por outros organismos (bolsas MEC...)

- Bolsas de comedor
- Bolsas por causas sobrevidas
- Premios de excelencia académica
- Bolsa de estudos de máster (complementaria á bolsa do MEC)-(*)
- Bolsas de prácticas en empresas transfronteirizas a través de (EURES *)
- Olimpíadas científicas: adaptarase a convocatoria ao feito de que o novo decreto de taxas e prezos públicos xa contempla a exención de matrícula aos gañadores de olimpíadas nacionais e internacionais.
- Nova bolsa para proxectos/iniciativas de estudantes/docentes. A intención é crear unha liña de axudas para iniciativas de innovación docente, participación en certames …

Emprego e emprendemento:

- Coordinación cos centros dos protocolos de prácticas: procedementos, recoñecementos, obrigas dos titores…
- Mellora e implementación da aplicación informática de prácticas:
- Implementación da aplicación de prácticas nos centros, coa xestión integral de curriculares, e Xestión centralizada (área de emprego) dos convenios de prácticas.
- Accións formativas de emprego, xerais e específicas de centros. Novos obradoiros de competencias e creación dun programa online específico.
- Encontros intercentros para compartir experiencias en accións de emprego e emprendemento.
- Formación para a creación de empresas (en colaboración coa EOI) e obradoiros de competencias transversais (traballo en equipo, liderado, xestión do tempo…)
- Desenvolvemento dun novo programa: o TFG-Emprende (O alumno traballará na concreción do proxecto de emprendemento en paralelo ao seu Traballo Fin de Grao)
- -Organización da III Feira Internacional de Emprego coa Universidade do Porto, financiada polo Eures-T. A Feira virtual realizarase o vindeiro mes de marzo, e as presenciais, no Porto e Vigo, no mes de novembro.

Outras iniciativas:

- Na formación lingüística, ademais do mantemento ou ampliación da actividade actual, poñerase en marcha unha aula Confucio.
- No programa de intercambio SICUE realizaranse novos acordos estratéxicos.

## *C. Aposta pola internacionalización*

A internacionalización da universidade é, por moitas causas, unha das liñas básicas de actuación na Universidade de Vigo, en todas as súas funcións.

Os obxectivos previstos no vindeiro ano son os seguintes:

- Desenvolvemento dos plans de internacionalización aprobados en diversos centros da Universidade de Vigo, coa aportación de recursos que permitan incrementar a oferta académica en inglés, os programas de dobre titulación internacional, e a mobilidade do estudantado, PDI e PAS.

- Reforzo das iniciativas de captación de estudantado en Asia e América con novos acordos institucionais e o desenvolvemento en colaboración coa Fundación Universidade de Vigo dun programa de adaptación lingüística e cultural dirixido a estudantado que ten acreditado o acceso ao sistema universitario español.
- Organización da VII International Staff Training Week, que estará dedicada aos intercambios virtuais, para persoal de administración e servizos dos nosos socios europeos. Participarán entre 30 e 50 representantes dos nosos parceiros europeos.
- Prestación de apoio integral ás persoas refuxiadas pertencentes á comunidade universitaria nos seus países de orixe.
- Presenza nos dous eventos máis importantes a nivel mundial de internacionalización da educación superior, a Conferencia da Association of International Educators en Philadelphia, Pennsylvania, (USA) e a Conferencia da International Association of International Education en Xenebra (Confederación Helvética).
- Consolidación da oferta de mobilidade internacional da Universidade de Vigo, potenciando os centros da nosa universidade que dispoñen dun número de destinos por debaixo da media, estendendo os convenios existentes ao resto dos ámbitos do coñecemento, e completando a oferta de países para incluír novos destinos, fundamentalmente en Asia, África, Australia e América Latina.
- Apoio á comunidade universitaria na preparación de proxectos orientados á cooperación, universitaria ó desenvolvemento, e sensibilización da comunidade universitaria nese ámbito a través da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento.
- Elaboración de propostas para a captación de recursos externos, especialmente os programas internacionais de cooperación educativa, a través de acordos con institucións públicas e privadas. Preparación de novas propostas de proxectos institucionais, e participación en propostas dos nosos socios, dentro das convocatorias de cooperación educativa.
- Promoción da oferta académica da Universidade de Vigo en eventos de captación de alumnado para os posgraos, fundamentalmente en América Latina, en colaboración co Servizo de Posgrao e a Sección de Información, Orientación e Promoción do Estudantado.

## *D. Calidade docente, titulacións e formación do profesorado*

As políticas de calidade académica inclúen, por unha banda, a calidade nos títulos e centros e por outra a avaliación do profesorado.

Respecto dos títulos, unha vez acreditados todos os títulos de grao completamente implantados e unha boa parte dos títulos de máster, cómpre facer un esforzo pola obtención de novos selos de calidade que se están a impoñer como estándares no marco estatal e mundial. Estes novos selos de calidade, xestionados a nivel estatal por ANECA son voluntarios e representan un custe económico elevado, polo que é preciso establecer un escenario plurianual seleccionando coidadosamente os títulos que sometemos a estas avaliacións. Nesta selección deben considerarse tanto cuestións estratéxicas para os propios títulos como cuestións técnicas relacionadas co resultado previsto da avaliación.

Os procedementos de modificación, verificación e renovación da acreditación continuarán con normalidade, incorporándose a este último os programas de doutoramento. Tamén esperamos que, durante o ano 2018 ACSUG poña en marcha o procedemento de acreditación institucional que permitirá a acreditación sen avaliación externa nos centros con certificación FIDES-AUDIT de implantación do Sistema de Garantía de Calidade. Na Universidade de Vigo 11 centros dispoñen desta certificación.

Durante o ano 2018 deberá continuarse a implantación do Grao en Enxeñaría Aeroespacial e comezarase a implantación do Grao en Enxeñaría Biomédica. Este último comparte o primeiro curso coas outras titulacións de grao da escola de Enxeñaría Industrial, polo que ao comezo a implantación será sinxela. Tamén o vindeiro ano elaborarase o novo grao en deseño e creación.

A avaliación do profesorado realízase, esencialmente, en dous procesos: a avaliación a través de enquisas do estudantado e a avaliación a través de comisións dentro do programa DOCENTIA.

O programa de formación permanente do profesorado incorpora un número crecente de cursos non presenciais e virtuais, xa que son os que máis se demandan pola súa maior flexibilidade.

Continuaremos coa consolidación e promoción dos grupos de innovación educativa, incrementando a contía das axudas concedidas aos mesmos. En paralelo manteremos o programa de mentorización MEET-Uvigo, ao que poderán incorporarse novos títulos e centros.

## *E. Políticas de especialización e agrupación: Campus, Centros de apoio á investigación e Agrupacións estratéxicas de investigación*

Entendemos, como o vimos facendo, que a investigación e a transferencia precisan dun dobre proceso: de agregación de capacidades, por unha banda, e de especialización da oferta, pola outra. O efecto destes dous vectores (agregación e especialización) modifica o modo no que a universidade reordena o seu potencial e o presenta para crear valor para a sociedade. Só a suma de grandes capacidades de coñecemento orientado a un fin concreto poden competir polos recursos da investigación de primeiro nivel, tanto pública (fondos europeos), coma privada.

Na nosa institución, dous son os modos nos que se manifestan estas tendencias:

O primeiro, a estratexia de especialización dos campus

O segundo son os Centros de Apoio á Investigación, (CACTI, CITI, MTI ), os Centros Singulares de Investigación (Océano-ECIMAT, CINBIO, AtlantTIC) e as agrupacións estratéxicas (CIA, INEX, ECOBAS).

No que toca á estratexia de especialización dos campus, tal vez a máis relevante, ven definida por catro proxectos: O Campus do Mar para o conxunto, o Campus da Auga en Ourense, o Campus Crea en Pontevedra e o incipiente Vigo Tecnolóxico.

<u>Campus do Mar</u>

O novo marco de referencia creado tras o desenvolvemento do plan estratéxico do Campus de Excelencia e os excelentes resultados acadados ao longo destes anos, evidencian a necesidade de seguir afondando na estratexia de especialización da Universidade de Vigo no ámbito mariño e marítimo.

A posta en marcha desta estratexia de especialización, aspira a agregar a totalidade das capacidades de investigación, docencia e transferencia que temos neste ámbito dentro da Universidade, de xeito que a súa acción coordinada permita converter á nosa institución nun polo interdisciplinar de referencia no ámbito da xeración e transmisión do coñecemento do mar e o núcleo central e instrumento de liderado do Campus do Mar Galicia-Portugal.

Os obxectivos específicos do Campus de especialización do Mar son:

- Acadar a masa crítica de investigadores que permita a proxección internacional da universidade no ámbito do mar.

- Visibilizar nunha única marca a capacidade de xeración de coñecemento e formación da Universidade de Vigo.
- Actuar como xanela da universidade no proceso de transferencia de coñecemento cara aos sectores empresariais.
- Converterse nun polo de atracción de talento a escala estatal e internacional.

O proxecto da antiga ETEA

Dentro da nova estratexia de especialización, merece especial mención a posta en marcha do proxecto da antiga ETEA, que se converterá nun polo de innovación do Campus do Mar.

As propostas de uso previstas neste lugar xiran en torno a tres eixos principais de actuación coma polo de innovación:

- Fomento do emprendemento mariño de base tecnolóxica a través de programas de formación, asesoramento e incubación, e da promoción da colaboración tecnolóxica universidade-empresa-administración-sociedade, en coordinación coas principais entidades de fomento do emprendemento e innovación da Eurorrexión, en particular o Consorcio da Zona Franca de Vigo, e dirixido a estudantes, emprendedores, investigadores e público xeral.
- Infraestruturas e tecnoloxías singulares aplicadas ao medio mariño, aproveitando as oportunidades e ubicación estratéxica do Polo sobre a liña de auga, así como laboratorios especializados que xeren contornas de experimentación nas que os investigadores, usuarios e produtores poden co-crear innovacións (living labs). Procúrase a creación de novos produtos, servizos e infraestruturas axeitadas ás necesidades reais das empresas e da sociedade. habilitaranse espazos e infraestruturas nas que se desenvolverán e probarán prototipos tecnolóxicos.
- Proxección á sociedade, integrando actividades de formación, divulgación e implicación da sociedade dirixidos a diversos públicos, como congresos, cursos especializados, obradoiros, conferencias, campus de verán e eventos sociais e institucionais relacionados co ecosistema da innovación mariña da Eurorrexión. O Polo do Mar acollerá todas as actividades de formación, divulgación e I+D+i mariño que teñan vinculación co tecido produtivo do territorio e converterase, ademais, no principal foro de encontro das institucións mariñas, tanto para eventos de innovación e transferencia como académicos.

Campus da Auga

No que toca ao Campus da Auga, en Ourense, entre outras actividades específicas, salientamos as seguintes:

- No ano 2017 completouse a execución do primeiro Plan de acción (2014-2018) contemplado no Plan estratéxico do Campus da Auga. No ano 2018 a acción de goberno centrarase en mellorar as accións xa implantadas conforme a avaliación realizada e en consolidar a especialización do campus. Xa que logo, o Campus de Auga aspira a obter no ano 2018 o certificado de campus especializado de mans da Xunta de Galicia; ademais, seguindo a filosofía de mellora continua, o goberno da Universidade de Vigo proponse elaborar no ano 2018 o segundo Plan de acción do Campus da Auga. Apoiándose en expertos externos, sobre o traballo xa realizado, xunto coa percepción que o entorno institucional e social ten deste proxecto de especialización, e a valoración que do mesmo fagan os membros da comunidade universitaria, que deberá marcar as políticas públicas a partir do ecuador do exercicio. Sen prexuízo de que a concreción desas accións se faga unha vez se teña o devandito plan, nestes orzamentos reflíctense as que se levarán a cabo durante o primeiro trimestre, así como as liñas xerais que dirixirán a acción de goberno durante o segundo semestre do ano 2018.
- No Eixo Estratéxico da Investigación impulsarase impulsarase a investigación nas liñas definidas nos comités executivos dos clústeres de I+D teñen coa misión concorrer a convocatorias competitivas, estatais, europeas e internacionais. No ano 2018 executarase novamente o programa de Investigacións e proxectos institucionais do Campus da Auga (IPICA), implantado no ano 2016.
- No Eixo Estratéxico da Transferencia os obxectivos prioritarios serán reforzar o traballo da unidade de Transferencia de Tecnoloxía e Coñecemento, creada xunto coa Confederación de Empresarios de Ourense, e darlle continuidade o, xa consolidado, programa de emprendemento e creación de empresas que se leva a cabo a través dos premios INCUVI-Emprende e INCUVI-avanza, en colaboración ca vicerreitoría de estudantes, a vicerreitoría do campus de Pontevedra, e outros axentes económicos da contorna do campus de Ourense.
- No Eixo Estratéxico da Internacionalización, unha vez implantado no curso 2017-2018 o programa de doutoramento, "Auga, sustentabilidade e desenvolvemento", a acción de goberno centrarase en fomentar a mobilidade de estudantes de doutorado, así

como investigadores, aproveitando as actividades durante o período de formación que integran aquel, e desenvolvendo os convenios asinados con universidades e centros de investigación. Nesta liña de actuación seguirase a traballar na promoción do campus da Auga a nivel estatal e internacional, a través de misións que procuran a captación de alumnado e persoal investigador. Unha segunda acción relevante e a Consolidación do foro internacional de auga. No derradeiro trimestre do ano 2018 celebrarase o III Congreso Internacional da Auga, de carácter bianual, dedicado nesta edición a Historia, patrimonio e auga.

- No Eixo Estratéxico da Docencia o obxectivo central será a mellora na xestión, a mellora da oferta formativa e o fomento da internacionalización do recentemente implantado programa de doutoramento "Auga, sustentabilidade e desenvolvemento". En segundo lugar, continuarase co programa de innovación educativa, creado no ano 2016 baixo a fórmula de "Convocatoria de premios de investigación, transferencia, innovación educativa e divulgación científica do campus da auga" e que se fallou na súa primeira edición no ano 2017. Esta acción está cofinanciada pola empresa Viaqua Xestión Integral de Augas de Galicia cunha aportación de 3.600 € conforme ao convenio de colaboración asinado entre ámbalas dúas institucións o 16 de decembro de 2016.
- En canto á divulgación do campus da Auga darase continuidade ás accións executadas en exercicios anteriores, nomeadamente xornada de portas abertas, vinculada á celebración do día mundial da auga, así como o concurso de foto-relato.
- No que se refire ás infraestruturas, no ano 2017 finalizaron as obras de construción do Edificio Campus da Auga, cuxa entrega se fixo a finais de ano. Durante o primeiro trimestre do ano 2018 procederase á licitación do mobiliario de oficina e equipamento necesario para que a sé administrativa e institucional do campus da Auga poida ser ocupada na ala sur do edificio ao longo do primeiro semestre do ano 2018. Para iso, no ano 2017, en colaboración co persoal de administración e servizos do campus, se fixo unha distribución espacial das áreas de servizos, así como das dependencias do propio goberno do campus no devandito edificio. Por outra parte, ao longo do segundo semestre do ano 2018, procederase á licitación do mobiliario e equipamento dos espazos de laboratorio que ocupan a ala norte do edificio, coa finalidade de que antes da finalización deste exercicio poidan ser ocupados polos grupos de investigación que resultaron beneficiarios consonte a Convocatoria de utilización de espazos no centro do campus da Auga de 3 de febreiro de 2017.

Campus CREA

No 2018 o proxecto de especialización CREA S2i, social and sustainable innovation, ten que dar o salto a unha maior proxección. Tense avanzado considerablemente tanto no eido de infraestruturas e dotación de instalacións, así como de difusión e visibilización na contorna máis inmediata e de cara a públicos obxectivo potenciais como as institucións, o tecido empresarial, cultural e social, pero compre reforzar estas áreas tal e como expoñemos a continuación. A base desta consolidación ten que ser a redacción dun segundo plan estratéxico cun plan específico de accións co gallo de poder obter o certificado de campus de especialización.

Tal e como se mencionou ao inicio do presente documento, compre intensificar os esforzos en difundir o proxecto de especialización CREA S2i -social and sustainable innovation- cunha proxección de maior alcance por medio da oferta cultural que emana do campus. En concreto, destacamos a seguinte:

- Realización de diversas actividades en torno á cineasta Agnès Varda, máxima representante da Nouvelle Vaga premiada no 2017 co Premio Donostia e co Oscar honorífico. Trátase de catro eventos: un ciclo de cinema, obradoiros de formación, proxeccións para nenos e a maior exposición dos seus traballos en España.
- No eido musical contarase por terceira vez cun concerto de Josep Colom, así como o ciclo Vertixe Sonora. Continuarán outros produtos do CREA S2i xa consolidados como o Festival de Novos Cinemas, as Conversas na Uvigo, Conversas con Arte, ciclos de cinema, etc.
- A Semana Internacional da Creatividade e da Innovación será o epicentro da difusión da actividade docente e investigadora do CREA S2i, pero iranse planificando ao longo do ano actividades encamiñadas a mellorar a relación co tecido empresarial por medio de encontros cos diversos clúster de interese, networkings con profesionais dos sectores relacionados coa especialización do campus, así como a xeración de sinerxías no eido de investigación.
- Convocaranse sendos premios nos eidos da investigación/transferencia e docencia para poñer en valor os proxectos nestes ámbitos do campus de Pontevedra.
- Ampliación da oferta de obradoiros e cursos de extensión e recuperar os cursos de verán, neste caso sobre temáticas especificamente relacionadas coa especialización. A Sala X seguirá sendo referente no apartado expositivo do campus dando maior protagonismo ao talento do campus. Outro fito será a 12ª edición do desfile Debut

que estará rodeado de accións formativas e de encontros con profesionais que tamén servirán de cara á proxección internacional.

- Pont Up Store que chegará á súa cuarta edición, sendo xa referente no ámbito do emprendemento galego. Xunto coas accións descritas en canto á relación co tecido empresarial se refire, fortalecerase o programa INCUVI en Pontevedra.
- No curso 2017/2018 arrancou o programa de doutoramento en Creatividade e Innovación Social e Sustentable do campus de Pontevedra, que servirá de catalizador para a actividade investigadora dentro dos preceptos do proxecto de especialización.
- Participación no proxecto LAPASSION liderado polo Instituto Politécnico de Porto e no que o CREA S2i pivota a presencia da Universidade de Vigo. Trátase dun proxecto de fomento de mobilidade do estudantado de posgrao en proxectos interdisciplinarios que complementan a mobilidade internacional dos/as participantes no programa de doutoramento.

Vigo Tecnolóxico

O campus de especialización Vigo Tecnolóxico comeza a súa andaina integrando aos centros de investigación CINBIO e AtlantTic e a agrupación estratéxica INEX.

Mais aló das labores de investigación e transferencia apoiadas en catro eixos fundamentais que son a biomedicina/biotecnoloxía, a telecomunicación, a industria e enerxía e o aeroespacial, deberá desenvolver e por en marcha un plan estratéxico para definir os obxectivos nun futuro próximo. Acompañado dun plan de acción e establecendo o marco da súa gobernanza para conseguir a acreditación como campus de especialización.

O CINBIO e a agrupación INEX están aloxados, aínda que non na súa totalidade, nos edificios CACTI-CINBIO e MTI, respectivamente. No primeiro caso, é preciso continuar a rematar obras de acondicionamento para a posta en marcha de equipamento e laboratorios e no segundo trátase de proceder ao remate do edificio, habilitando a nave industrial pendente de equipamento para o 2018.

## *F. Infraestruturas*

A previsión de actuacións sobre infraestruturas neste próximo ano é a seguinte:
Infraestruturas científicas:

- No 2016 licitouse a Realización do proxecto Construtivo do “Edificio institucional e de I+D da universidade de Vigo no casco Vello”. Con esta infraestrutura a Universidade de Vigo está a implantar una sede institucional para impulsar a súa presencia na

cidade e facilitar os intercambios e sinerxías co tecido empresarial, cultural e social de Vigo. No 2017 adxudicáronse as obras e iniciáronse as mesmas que continuarán ao longo de todo o 2018.

- Unha vez finalizada a construción do Módulo Tecnolóxico industrial (MTI) durante o 2016 trasladáronse os primeiros grupos de investigación que teñen asignados espazos nel e realizouse o equipamento de mobiliario de laboratorio que restaba para que poidan trasladarse os restantes grupos con espazos nas plantas superiores. No 2017 adaptouse a planta taller e no primeiro trimestre do 2018 equiparase co mobiliario necesario para que poidan ocupalo os grupos que restan.
- -No 2016 contratouse a redacción do proxecto para "Zooteca, litoteca e herbario da Universidade de Vigo e no 2017 licitáronse as obras do mesmo que se executarán no primeiro semestre de 2018.
- Na convocatoria de Axudas a infraestruturas científicas e técnicas e equipamento do MINECO, o proxecto do ECIMAT obtivo financiamento para o Fortalecemento dos servizos de acceso aos ecosistemas mariños e os seus recursos, que implicará a realización dunha edificación de apoio e duns tanques de auga salgada.
- O acordo institucional acadado no ano 2017 coa Zona Franca de Vigo permitirá a posta en marcha do proxecto do Campus do Mar no espazo da vella ETEA a partir do vindeiro ano.
- No 2015 licitouse a Realización do proxecto Construtivo do Edificio do Campus da Auga no Campus de Ourense. Este edificio pretende dar soporte físico aos Clústeres de investigación vinculados coa investigación no campo da auga. No ano 2016 licitouse a construción do mesmo, e iniciáronse as obras e no 2017 rematouse a súa execución. No 2018 procederase ao equipamento do mesmo para que quede plenamente operativo no primeiro semestre.
- Na convocatoria de Axudas a infraestruturas científicas e técnicas e equipamento do MINECO, obtivo unha axuda o proxecto do Campus de Ourense para a construción dun Invernadoiro para investigación, que se executará no primeiro trimestre.
- No 2016 a Xunta de Galicia comprometeuse a ceder un total de 1774 metros cadrados no edificio administrativo da Xunta de Galicia na rúa Benito Corbal para sede corporativa do proxecto de especialización do Campus de Pontevedra, CREA S2i. A previsión é que as obras se executen no 2018. O espazo que a Xunta porá a disposición da Universidade estará sen acondicionar, polo que haberá que facer un proxecto construtivo de adecuación do mesmo.

Infraestruturas docentes e de servizos

Ao longo do exercicio 2018, están previstas as seguintes actuacións:

- Segunda fase de cambio de cuberta da Facultade de Química.
- Unha vez que os servizos do CACTI trasladáronse ao novo edificio, quedaron espazos baleiros no edificio Anexo a Xerencia. Vaise realizar unha obra de adaptación destes espazos para trasladar diversos servizos aos mesmos.
- Terceira fase de substitución das climatizadoras da Facultade de Económicas que finalizaron a súa vida útil.
- Realización do proxecto construtivo de substitución de cubertas no edificio Miralles
    - Acondicionamento dun espazo destinado ao parque móbil no Campus de Vigo.
    - No anos anteriores realizáronse o pintado dos viais, e no 2018 continuarase a súa mellora.
- Completarase os cambios de queimadores e caldeiras para adaptalos a gas natural buscándose a redución de consumos enerxéticos nos tres Campus.
- Substitucións de iluminación en edificios por outras con tecnoloxía LED, cun consumo moito menor e maior vida útil, nos tres Campus.
- Equipamento da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e Aeroespacial.
- Renovación das escaleiras de emerxencia do edificio xurídico-empresarial do Campus de Ourense e completar as obras de climatización nas plantas primeira e segunda da ala sur do edificio.
- Continuar a mellora do perímetro do Campus Sur no Campus de Ourense.
- Obras de mellora no espazo do centro de transformación situado baixo o edificio politécnico e instalación dun SAI en diferentes fases.
- Instalación de mallas de contención nas cubertas do pavillón 1 do Campus de Ourense.
- Substitución dos sistemas SES nas facultades de Belas Artes e de Ciencias Sociais e da Comunicación.
- Na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte está prevista a climatización da ala oeste e o proxecto da aula ximnasio. Súmase a reparación de saídas de emerxencia e a instalación do control web da caldeira.

- Na Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación compre corrixir os petos de fachada, así como a construción de habitáculos de estudo e traballo en grupo na biblioteca central e o cerramento do ascensor orientado ao sur.
- Na Facultade de Fisioterapia tratarase a aireación de aulas de docencia, así como a instalación do control web da sala de caldeiras, sendo esta última a obra prevista para a Escola de Enxeñaría Forestal.
- Na Facultade de Belas Artes deberán acometerse correccións no sistema de alarmas na primeira e segunda planta e subsanar problemas de aclimatación da conserxería.

## *G. Investigación e transferencia de coñecemento*

No que toca á investigación e transferencia salientamos aquí os principais obxectivos para o próximo exercicio, sen considerar aqueles xa tratados na quinta liña básica, de *políticas de agregación e especialización.*

Programa de axudas á investigación 2018

- Axudas estruturais a grupos de investigación, especificamente destinadas a incentivar o aumento da masa crítica e a excelencia dos grupos, e á mellora da súa competitividade en convocatorias de ámbito autonómico, nacional e internacional
- Financiamento de actividades de difusión dos resultados de investigación e da creación artística, a través da organización de congresos e reunións científicas e de exposicións, cunha especial referencia á calidade demostrable e á repercusión internacional das actividades propostas
- Apoio á formación do persoal investigador, tanto no que respecta a contratos para la realización dos estudos de doutoramento como a actividades de mobilidade (participación en congresos, estadías)
- Bolsas de formación nos Centros de Apoio á Investigación para estudantes de posgrao

Programas específicos para a promoción da transferencia de coñecemento

- Fondo de protección e valorización da Universidade de Vigo: ten como finalidade protexer e poñer en valor os resultados innovadores da I+D da universidade con potencial de mercado, para que poidan ser transferidos á sociedade mediante

acordos de colaboración, ou de licenciamento, ou mediante a creación de novas empresas baseadas no coñecemento

- Apoio específico ao financiamento dos gastos de instalación das EBTs da Universidade de Vigo

Apoio centralizado ás actividades de investigación e transferencia

- Proporcionar apoio técnico ao persoal investigador, no desenvolvemento e xestión das actividades de investigación e transferencia: mellora e mantemento da páxina web e de ferramentas de apoio en liña, clarificación dos procedementos, mellora nos canles de comunicación
- Fomento e apoio no desenvolvemento de proxectos competitivos de ámbito nacional e internacional
- Dar continuidade á contratación de xestores e xestoras de innovación, con especialización en cada ámbito de coñecemento, que darán apoio ao persoal investigador na identificación de oportunidades de financiamento e a preparación de propostas, así como na elaboración de plans de transferencia adaptados ás súas capacidades.
- Contratación de tecnólogos ou tecnólogas, para apoio nos servizos xerais de investigación e aulas especiais existentes
- Continuar a actualización do mapa de capacidades de investigación e transferencia, e mellora da ferramenta de consulta e visibilización en liña da oferta tecnolóxica da Universidade desenvolvida no ano 2017
- Definición, estruturación e promoción de novas agrupacións estratéxicas de investigación e clústers de investigación en sectores con potencial de desenvolvemento, como son o ámbito Xurídico, as Humanidades, ou o eido transversal Medio ambiente.
- Apoio á internacionalización da investigación, mediante a promoción da participación en redes internacionais ou outras actividades que poidan mellorar o acceso do persoal investigador a fontes de financiamento internacionais
- Desenvolvemento do plan de acción establecido no cadro da Estratexia de Recursos Humanos de Investigación HRS4R, e o selo Human Resources Excellence in Research acadado pola Universidade en 2017.

(http://www.uvigo.gal/uvigo_gl/investigacion/rrhh/estrategias_rrhh.html)

Outros programas propios de promoción da investigación

- Programa de retención de talento investigador da Universidade de Vigo
- Programa de captación de talento investigador de excelencia da Universidade de Vigo
- Programa da Universidade de Vigo para a captación de persoal investigador seleccionado nas convocatorias do Consello Europeo de Investigación (ERC)

Produción de investigación e Produción de transferencia

- No ano 2018 avaliarase a Produción de Investigación do ano 2017 e pagarase a produción do ano 2016
- No ano 2018 avaliarase a Produción de Transferencia do ano 2017 e pagarase a produción do ano 2016

Proxectos, Contratos e axudas externas á investigación (Axudas finalistas)

- Actividades de investigación procedentes de proxectos competitivos en convocatorias autonómicas, nacionais e internacionais
- Bolsas e axudas externas para persoal investigador
- Amortización de prestamos a longo prazo
- Contratos de investigación
- Outros compromisos

Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico á Investigación (CACTI)

- Mantemento das infraestruturas centralizadas proporcionadas a través do Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico á Investigación (CACTI) da Universidade, e optimización dos servizos prestados á comunidade investigadora, tanto aos grupos de investigación da Universidade de Vigo, como a OPIs e empresas
- Rematar a elaboración dun catálogo de infraestruturas científico-técnicas centralizadas de investigación, que facilite a oferta optimizada e coordinada de servizos

- Renovación da certificación de calidade ISO 9001 xa existente no CACTI
- Adquisición de infraestruturas científico técnicas para o CACTI, resultado da convocatoria 2015 de Axudas para a adquisición de Infraestruturas científico técnicas do MINECO.

## *H. Extensión universitaria: actividades culturais e deportivas*

As principais liñas de actuación no ámbito da extensión universitaria son as seguintes:

- Mellora da accesibilidade, a visibilidade e o coñecemento por parte da comunicade universitaria da información e servizos ofrecidos pola Universidade de Vigo ó estudantado con necesidades específicas de apoio educativo, especialmente ó estudantado con discapacidade.
- Incremento da participación da Universidade de Vigo en proxectos de cooperación ao desenvolvemento, en colaboración coas entidades do cuarto sector presentes na nosa contorna.
- Reforzo dos programas vencellados á responsabilidade social universitaria: programa de maiores, programa de atención aos estudantes con necesidades específicas de apoio educativo, programa de orientación ao estudantado, e as bolsas de residencia, de transporte e de comedor.
- Mantemento dos programas de extensión universitaria: cursos de extensión e obradoiros; espectáculos de teatro e música; coro universitario; concursos de fotografía, música, tradución e creación literaria; e actividades singulares como o Concerto de Nadal e a Semana de Cinema Submarino. Aumento da visibilidade das accións de extensión universitaria organizadas pola Universidade de Vigo, e a participación da cidadanía nas mesmas.
- Coordinación dos eventos e actividades culturais organizadas co gallo da presenza en Vigo do pergamiño Vindel.
- Mellora da accesibilidade no Campus de Vigo: estudo da accesibilidade para persoas con mobilidade reducida e con discapacidades visuais, implantación de accións de mellora nos accesos, e mellora da sinalización, en coordinación coa VR de Planificación e a Unidade Técnica.

- Fomento do asociacionismo entre o estudantado vencellado á práctica deportiva, con especial referencia ao apoio ás iniciativas das delegacións de alumnos en relación coa práctica e o desenvolvemento de actividades deportivas.
- Impulso dunha cultura e un contexto que protexan e favorezan a saúde, promovendo coñecementos e habilidades orientados á adquisición de estilos de vida activos e saudables nos campus universitarios. En relación con isto, realizaranse accións concretas sobre as persoas e a contorna que faciliten a realización de actividades físicas durante a xornada de traballo ou estudo. Estas accións estarán apoiadas na actuación coordinada dos distintos departamentos e unidades implicados no seu fomento.
- Desenvolvemento de programas de voluntariado deportivo que favorezan a adquisición de valores e habilidades vencellados á solidariedade por parte do estudantado.

## *II Orzamento de ingresos*

De acordo coas previsións de ingresos e co escenario xa comentado no apartado anterior, e de acordo coa experiencia de anteriores exercicios na previsión dos ingresos da institución, estimamos para o exercicio 2018 un orzamento de ingresos por valor de 172.552.088€.
Esta contía supón un valor superior ao do exercicio anterior, nun 4,37%; xustificamos esta previsión nas estimacións realizadas de contribución do programa Horizonte 2020 da Unión Europea, que achega novos fondos para o financiamento de proxectos de investigación.
O gráfico nº1, representa a evolución dos orzamentos na Universidade de Vigo dende 2010 ata a actualidade.




*Gráfico nº1. Evolución dos orzamentos da Universidade de Vigo 2010-2018.*

A distribución do ingreso por capítulos e a comparación co exercicio precedente recóllese na táboa nº7. Nesta estrutura de ingresos salientamos o considerable incremento das transferencias de capital (11,45%) debido á consecución de novas axudas para proxectos de investigación e se manteñen as axudas para as Agrupacións Estratéxicas e Centros Singulares de Investigación. Tamén hai que mencionar o incremento dos activos financeiros (29,22%), consecuencia de axudas cobradas en 2017 procedentes de fondos europeos e que serán executadas no exercicio 2018 e seguintes.

| CAPÍTULO | 2017 | 2018 | % 18/17 |
|---|---|---|---|
| III Taxas, prezos públicos e outros ingresos | 16.871.500 | 18.152.000 | 7,59% |
| IV Transferencias correntes | 118.051.169 | 119.037.333 | 0,84% |
| V Ingresos patrimoniais | 330.400 | 365.000 | 10,47% |
| Ingresos correntes | 135.253.069 | 137.554.333 | 1,70% |
| VI Alleamento de Investimentos reais | 0 | 400.000 | |
| VII Transferencias de capital | 23.977.834 | 26.722.626 | 11,45% |
| VIII Variación de activos financeiros | 6.094.585 | 7.875.129 | 29,22% |
| Ingresos de capital | 30.072.419 | 34.997.755 | 16,38% |
| TOTAIS | 165.325.488 | 172.552.088 | 4,37% |

*Táboa nº7. Comparación do Orzamento de Ingresos 2018/2017.*

No que toca á distribución por capítulos de ingreso, no capítulo terceiro de taxas, prezos públicos e outros ingresos, agárdase un aumento do 7,59% sobre o exercicio anterior debido a que se esperan recibir os xuros de demora pola devolución do IVE dos exercicios 2013 e 2014.

O reparto porcentual dos capítulos de ingreso verbo do total do orzamento preséntase no gráfico nº2. Aquí podemos apreciar como no capítulo cuarto, de transferencias correntes, concéntrase a meirande parte dos ingresos. Dentro deste capítulo, como se comenta na análise do novo PFSUG, o reparto dos fondos para o período 2016-2020 realizarase en base a indicadores obxectivos. En todo caso, o seu peso pasa a representar un 68,99% do total dos ingresos, fronte ao 71,41% do exercicio pasado, por mor do incremento noutros capítulos de ingreso.



*Gráfico nº2. Composición do Ingreso por Capítulos.*

A evolución do peso porcentual no conxunto dos ingresos de cada capítulo e a comparación co exercicio precedente ofrécese na táboa nº8.

| CAPÍTULO | 2017 | 2018 | EVOLUCIÓN |
|---|---|---|---|
| III Taxas, prezos públicos e outros ingresos | 10,21% | 10,52% | ▲ |
| IV Transferencias correntes | 71,41% | 68,99% | ▼ |
| V Ingresos patrimoniais | 0,21% | 0,21% | ◀▶ |
| VI Alleamento de Investimentos reais | | 0,23% | ▲ |
| VII Transferencias de capital | 14,50% | 15,49% | ▲ |
| VIII Variación de activos financeiros | 3,69% | 4,56% | ▲ |

*Táboa nº8. Comparación da participación dos principais capítulos de ingreso nos orzamentos 2018 e 2017.*

O resultado final do orzamento de ingresos, como combinación dos ingresos correntes e de capital, acada unha contía de 172.552.088€, superior nun 4.37% ao valor do exercicio anterior.

## *II.1. Criterios de Previsión.*

A estimación dos ingresos para o exercicio 2018, que como en anos anteriores atende a criterios de prudencia valorativa e de achegamento á realidade, detallase na táboa nº9 :

| **Estimación Ingresos para o Exercicio 2018** | | | |
|---|---|---|---|
| **Capitulo III Taxas, prezos públicos e outros ingresos** | | | |
| **31** | | **Prezos públicos** | **15.820.000 €** |
| | 310 | Dereitos de matrícula en cursos e seminarios | 250.000 € |
| | 311 | Cotas de instalacións deportivas e outros espazos | 285.000 € |
| | 313 | Dereitos de matrícula e servizos académicos | 15.265.000 € |
| | 319 | Outros prezos públicos | 20.000 € |
| **32** | | **Outros ingresos procedentes** | **1.567.500 €** |
| | 327 | Servizos prestados por actividades investigadoras | 600.000 € |
| | 328 | Dereitos de Custes indirectos | 967.500 € |
| **33** | | **Venda de bens** | **4.500 €** |
| | 330 | Venda de publicacións propias | 4.500 € |
| **39** | | **Outros ingresos** | **760.000 €** |
| | 399 | Ingresos diversos | 760.000 € |
| **Total Capitulo III** | | | **18.152.000 €** |
| **Capítulo IV. Transferencias correntes** | | | |
| **40** | | **Da Administración do Estado** | **3.085.000 €** |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | 400 | Do MEC | 3.085.000 € |
| **41** | | **De Organismos Autónomos Administrativos** | **1.435.750 €** |
| | 410 | De Organismos Autónomos Administrativos | 1.435.750 € |
| **45** | | **Da Comunidade Autónoma** | **112.646.360 €** |
| | 450 | Da Xunta | 112.646.360 € |
| | 450.00 | Financiamento Estrutural | 86.426.210 € |
| | 450.01 | Financiamento por Resultados | 20.900.000 € |
| | 450.03 | Prazas Vinculadas e Persoal de Investigación | 3.905.000 € |
| | 450.09 | Outras Subvencións | 1.415.150 € |
| **46** | | **De corporacións locais** | **330.000 €** |
| | 460 | De Concellos | 70.000 € |
| | 461 | De Deputacións | 260.000 € |
| **47** | | **De empresas privadas** | **1.100.000 €** |
| | 470 | De empresas privadas | 1.100.000 € |
| **48** | | **De familias e institucións sen ánimo de lucro** | **72.700 €** |
| | 481 | De familias e institucións sen ánimo de lucro | 72.700 € |
| **49** | | **Axudas do Exterior** | **367.523 €** |
| | 492 | Outras transferencias da Unión Europea | 367.523 € |
| **Total Capítulo IV** | | | **119.037.333 €** |
| **Capitulo V. Ingresos Patrimoniais** | | | |
| **52** | | **Xuros de depósitos** | **120.000 €** |
| | 520 | Xuros de contas bancarias | 120.000 € |
| **54** | | **Rendas de bens inmobles** | **75.000 €** |
| | 540 | Alugueiros de locais | 75.000 € |
| **55** | | **Produtos de concesións administrativas** | **170.000 €** |
| | 550 | Produtos de concesións administrativas | 170.000 € |
| **Total Capitulo V** | | | **365.000 €** |
| **Capitulo VI. Alleamento de Investimentos Reais** | | | |
| **61** | | **Doutros investimentos reais** | **400.000 €** |
| | 619 | Venda doutros investimentos reais | 400.000 € |
| **Total Capitulo VI** | | | **400.000 €** |
| **Capitulo VII. Transferencias de Capital** | | | |
| **70** | | **Da Administración do Estado** | **7.900.000 €** |
| | 700 | De Ministerios | 7.900.000 € |
| **75** | | **Da Comunidade Autónoma** | **12.447.626 €** |
| | 750 | Da Xunta | 12.447.626 € |
| | 750.00 | Financiamento Estrutural | 1.650.000 € |
| | 750.02 | Proxectos de Investigación | 4.940.101 € |
| | 750.03 | Infraestrutura de Investigación | 3.327.775 € |
| | 750.09 | Outras Subvencións | 2.529.750 € |
| **77** | | **De empresas privadas** | **6.000.000 €** |
| | 771 | Contratos de investigación | 6.000.000 € |
| **78** | | **De outros** | **375.000 €** |
| | 781 | Outros organismos e outros | 375.000 € |
| **Total Capitulo VII** | | | **26.722.626 €** |
| **Total Operacións Non Financeiras** | | | **164.676.959 €** |

| Capitulo VIII. Variación de Activos Financeiros | | | |
|---|---|---|---|
| 83 | | **Reintegros de préstamos concedidos fora do sector publico** | **120.000 €** |
| | 831 | Reintegros de préstamos concedidos fora do sector publico a longo prazo | 120.000 € |
| 87 | | **Remanente de tesourería** | **7.755.129 €** |
| | 870 | Remanentes de tesourería | 7.755.129 € |
| **Total Capitulo VIII** | | | **7.875.129 €** |
| **Total Operacións Financeiras** | | | **7.875.129 €** |
| **TOTAL** | | | **172.552.088 €** |

*Táboa nº9. Estimación do Orzamento de Ingresos por capítulos, artigos, conceptos e subconceptos*

Os criterios empregados para facer esta estimación de ingresos foron os seguintes:

**Capítulo III –Prezos públicos–** Inclúe a estimación dos ingresos por dereitos de matrícula no curso académico 2018-2017, por servizos académicos e por cursos e seminarios, así como os ingresos derivados das escolas deportivas, cotas de acceso a instalacións, venda de publicacións e custos indirectos de actividades investigadoras. O seu importe total é de 18.152.000 €, o que implica un incremento das cifras sobre os ingresos consignados no orzamento de 2017.

A estimación dos diferentes conceptos de ingreso deste capítulo faise a partir das seguintes previsións:

Concepto 310: Neste concepto figuran 250.000 euros como estimación dos ingresos a obter polos cursos e obradoiros de extensión universitaria.

Concepto 311: Neste concepto figuran 285.000 euros como estimación dos ingresos a obter polas cotas de entrada ás instalacións, especialmente deportivas.

Concepto 313: Neste concepto a previsión que se fai é de 15.265.000 €, o que supón un lixeiro incremento dos ingresos consignados no exercicio de 2017, que é o que fundamentalmente explica a subida neste capítulo. Trátase dunha previsión baseada nos datos de liquidación de taxas realizadas nos exercicios precedentes e na recadación acadada ata o momento no exercicio 2017.

Concepto 327: Este concepto inclúe unha previsión dos ingresos estimados pola prestación de servizos asociados ás actividades investigadoras, é unha previsión de facturación do CACTI, da ECIMAT, CINBIO e do CITI. Agardase unha pequena mellora neste apartado, pola continuación e incremento dos servizos postos en marcha nos exercicios precedentes, que consolidan as melloras acadadas, debido á posta en funcionamento a pleno rendemento dos novos centros de investigación.

Concepto 328: O importe consignado neste concepto inclúe os custos indirectos da facturación por servizos asociados e actividades investigadoras e de transferencia. Atendendo aos resultados acadados nos exercicios precedentes e á evolución dos exercicios 2016 e 2017 é unha previsión realista, dada o paso no exercicio 2016 da xestión interna de tódolos contratos de investigación do artigo 83 da L.O.U.

Concepto 330: Neste concepto inclúense os importes correspondentes á venda de publicacións propias, e se mantén a mesma previsión que para o 2017.

Concepto 399: Neste concepto inclúense ingresos diversos estimados en base a execución do exercicio 2017 e anteriores, e a previsión da devolución dos intereses de demora do IVE dos exercicios 2013 e 2014, agora mesmo pendentes de resolucion no Tribunal Economico Administrativo Central, o cal seguira a xurisprudencia do Tribunal Supremo, atendendo as nosas pretensións ao igual que o acontecido cos exercicios precedentes.

**Capítulo IV –Transferencias correntes–** Neste capítulo compútanse todos os ingresos de natureza corrente que a institución recibe, en xeral, dos diversos entes que integran o sector público estatal (Administración Xeral do Estado, os seus ministerios, organismos autónomos, empresas públicas), ademais dos procedentes da Xunta de Galicia, das corporacións locais e das empresas privadas.

Constitúen a fonte de ingresos máis importante do orzamento da Universidade de Vigo e o seu volume increméntase un +0,84% (986.164€). Isto débese basicamente:

a) Ao incremento da financiación procedente do novo PFUG 2016-2020 de acordo coa evolución do plan.

b) Ao incremento das axudas recibidas da Unión Europea para proxectos internacionais de cooperación.

c) Ao incremento da financiación asociada ás prazas de persoal de programas de investigación.

Con máis detalle, a previsión dos principais conceptos de ingreso deste capítulo está realizada do seguinte xeito:

Concepto 400: Inclúe as diversas transferencias procedentes do MEC para financiar os programas Ramón y Cajal, Juan de la Cierva, FPU, FPI e outros de investigadores posdoutorais, así coma os ingresos obtidos nas convocatorias para técnicos de I+D, técnicos en infraestruturas, e as Bolsas Madariaga e Castillejo. Son, daquela, ingresos finalistas que teñen consignados os respectivos créditos na correspondente aplicación de gasto do Capítulo I. Tamén se inclúen as aplicacións referidas ás axudas e programas de mobilidade de docentes,

investigadores e estudantes, caso das relativas ao programa Erasmus, proporcionadas polo Estado.

No seu conxunto, estimamos para todas estas aplicacións un leve incremento do 2,83% con respecto ao exercicio precedente, debido ao incremento de convocatorias.

Concepto 450: inclúe as diversas transferencias correntes procedentes da Xunta de Galicia, xa comentadas no encabezamento do epígrafe. No seu conxunto estimamos un incremento dun 1,36% (1.508.487€). A distribución e a evolución é a mesma do exercicio precedente.

Subconcepto 450.00: Fondo Estrutural. Esta aplicación repártese en base a indicadores obxectivos. Inclúe ademais esta aplicación unha cantidade para a devolución da paga extra do persoal.

Subconcepto 450.01: Financiamento por Resultados. Cóntase cun leve descenso, verbo de 2017, debido a que no ano 2018 se acadaron peores resultados.

Subconcepto 450.03: Prazas vinculadas e persoal de investigación. Neste exercicio prevese un gran incremento nesta aplicación, produto dos resultados xa acadados nas diferentes convocatorias competitivas promovidas pola Xunta de Galicia.

Subconcepto 450.09: Outros ingresos. Incorpóranse as previsións de transferencias da Xunta de Galicia de perfil diverso. Nesta anualidade estímase un incremento considerable debido a que se orzamentan neste subconcepto os costes indirectos polo financiamento dos centros singulares de investigación e da agrupación estratéxica de investigación.

Conceptos 460 e 461: Compútanse nestes epígrafes os ingresos por convenios co Concello de Pontevedra para financiar os Estudos Superiores de Deseño Téxtil e Moda e un convenio coa Deputación de Ourense para financiar diversas actividades no Campus de Ourense, por un total estimado de 220.000 euros, contía similar á orzamentada para 2017.

Concepto 470: Neste concepto compútanse como previsión de ingreso as transferencias procedentes de empresas privadas. Recolle fundamentalmente as achegas do Banco de Santander ao igual que exercicios precedentes.

Concepto 492: Neste concepto compútanse como previsión de ingreso as transferencias procedentes da Unión Europea para diferentes proxectos de cooperación educativa.

**Capítulo V –Ingresos patrimoniais–** Contén, entre outras (caso do canon de explotación nas concesións –cafeterías e outros.- ou alugueiros), as previsións de ingresos por xuros de títulos e de contas bancarias, xerados polos investimentos a curto prazo dos excedentes de tesourería. Neste ano a previsión de ingresos por este concepto é de 365.000 €,

un +10,47% máis ca o exercicio anterior debido ao incremento de ingresos conseguidos polo incremento do canon das máquinas expendedoras de bebidas e sólidos na Universidade de Vigo.

**Capítulo VI – Alleamento de Investimentos reais-** Neste capítulo está estimado o ingreso pola venda do inmoble situado en Madrid que a Universidade recibiu en herdanza de Dona Alicia Crespí.

**Capítulo VII –Transferencias de capital–** A maior parte das previsións de ingresos consignados neste capítulo teñen a súa orixe nas achegas por proxectos en concorrencia nos programas da UE, do MEC e da Xunta de Galicia, por ingresos incluídos dentro do Plan de Financiamento da Xunta 2016-2020 e por contratos con institucións e empresas. No seu conxunto agárdase un incremento do 16,65% (+1.127.500). Isto obedece, sobre todo, á sinatura dun convenio coa Xunta de Galicia para a financiación de diversas actuacións estratéxicas en materias de investigación.

Con máis detalle, a previsión dos principais conceptos de ingreso deste capítulo está realizada do seguinte xeito:

Concepto 700: Neste concepto compútanse as previsións de posibles ingresos competitivos con orixe na Administración do Estado. Contémplanse, por unha banda, as estimacións dos ingresos a obter polos proxectos obtidos en concorrencia polos grupos de investigación da Universidade de Vigo, e por outra as achegas obtidas en concorrencia competitiva para financiamento de infraestruturas institucionais.

Concepto 750: Neste concepto compútanse as previsións de posibles ingresos por todas as transferencias de capital recibidas da Xunta de Galicia, e inclúen tanto os diferentes fondos recollidos no novo PFUG 2016-2020 coma as previsións de recursos a obter nas diversas convocatorias competitivas ás que concorren os grupos de investigación da Universidade. Distínguense os seguintes subconceptos:

Subconcepto 750.00: Financiamento Estrutural. É un dos apartados do PFUG 2016-2020 que, atendendo ao indicado no mesmo, conta cun importe similar ao do anterior plan.

Subconcepto 750.02: Proxectos de investigación. Neste subconcepto compútanse as previsións de ingresos en concorrencia obtidos polos grupos de investigación da Universidade de Vigo en diversas convocatorias da Administración Autonómica. O ingreso, malia unha lixeira minoración, mantén un importe razoable grazas ao éxito que están a acadar os grupos de investigación da nosa institución.

Subconcepto 750.03: Infraestruturas de investigación. Neste subconcepto inclúese a colaboración da Xunta de Galicia no cofinanciamento dos anticipos reintegrables concedidos polo Ministerio. Nesta anualidade tamén se contempla a achega do exercicio 2018 correspondente ao convenio asinado coa Xunta da Galicia para a financiamento da construción da nova sede do Campus da Auga de Ourense, o Convenio para o financiamento de accións estratéxicas de investigación universitaria, inversións na ETEA para o Campus do Mar e a prórroga de fondos finalistas para 3 proxectos de infraestruturas científicas.

Subconcepto 750.09: Outras subvencións. Neste subconcepto inclúese a colaboración da Xunta de Galicia para a construción da sede da Universidade no Casco Vello de Vigo, así como as axudas finalistas aos Centros Singulares de Investigación e Agrupacións Estratéxicas da Universidade de Vigo e unha parte para o Convenio para o financiamento de accións estratéxicas de investigación universitaria.

Concepto 771: Contratos de investigación. Neste concepto consígnanse os ingresos procedentes dos contratos de investigación (art. 83 da LOU) asinados polos grupos de investigación da Universidade de Vigo. O seu importe —6.000.000 € — está axustado unha vez internalizada a xestión deste tipo de contratos. Esta asignación implica o mesmo incremento na aplicación de gastos correspondente.

Concepto 781: Outros organismos. Neste concepto inclúense ingresos previstos doutros organismos para financiar proxectos de investigación como por exemplo, da AECC e do Instituto Carlos III para la Salud.

**Capítulo VIII - Variación de activos financeiros-** Neste capítulo inclúense os ingresos por reintegros de préstamos ao persoal e o "Remanente de Tesourería" que inclúe as estimacións dunha parte do remanente do exercicio 2017 que se pode destinar a financiar determinados gastos do exercicio 2018. O montante global da dotación correspóndese cos remanentes de crédito non gastados na execución das actividades do Campus de Excelencia Internacional Campus do Mar, Proxectos de cooperación educativa europeos,... e as axudas de infraestruturas de investigación recibidas en 2016 para financiar gastos de 2018, así como o importe destinado á amortización de préstamos e anticipos reembolsables para infraestruturas de investigación.

Destacamos o incremento de preto dun 29,80% verbo do exercicio precedente, produto da consecución de financiamento para novos proxectos, procedentes dos programas competitivos aos que concorre institucionalmente a universidade e que se inician co programa de financiamento europeo H2020.

Todos estes importes de ingresos teñen a súa contraaplicación no estado de gastos do orzamento 2018 da Universidade de Vigo, que se desenvolve a continuación.

## *III. Orzamento de gastos*

O conxunto dos capítulos de gasto por operacións correntes e de capital estimados para o exercicio 2018 preséntanse na táboa nº10.

| CAPÍTULO | 2017 | 2018 | % 18/17 |
|---|---|---|---|
| I Persoal | 97.498.500 | 102.641.859 | 5,28% |
| II Gastos correntes | 26.498.211 | 26.956.058 | 1,73% |
| III Gastos financeiros | 370.270 | 124.450 | -66,39% |
| IV Transferencias correntes | 8.444.552 | 7.726.335 | -8,51% |
| V Fondos de continxencias | 200.000 | 180.000 | -10,00% |
| **Operacións correntes** | **133.011.533** | **137.628.702** | 3,47% |
| VI Investimentos reais | 30.173.955 | 32.983.386 | 9,31% |
| VIII Activos financeiros | 140.000 | 140.000 | 0,00% |
| IX Pasivos financeiros | 2.000.000 | 1.800.000 | -10,00% |
| **Operacións de capital** | **32.313.955** | **34.923.386** | 8,08% |
| TOTAIS | 165.325.488 | 172.552.088 | 4,37% |

*Táboa nº10. Orzamento de Gastos.*

No capítulo I, de gastos de persoal, continuamos a ter a principal partida de gasto, cun 59,48% do total do orzamento e un importe de 102.641.859 €. Esta cantidade é superior a orzamentada no 2017, que foi 97.498.500€. A xustificación deste cambio está en varias causas: O emprego do total de prazas derivado da taxa de reposición e de saída de cátedras, o paso do capítulo VI ao capítulo I do programa de captación e retención de talento, a incorporación ao capítulo dos programas de investigadores (Ramón y Cajal e outros) e dos axudantes doutores. Isto, combinado coa posta en marcha da nova RPT e o crecemento vexetativo da masa salarial, conforman o aumento do capítulo.

Pódese afirmar que somos a Universidade Galega na que máis ten medrado o gasto en capitulo I nos últimos catro exercicios, o que amosa o compromiso da universidade cos seus traballadores e co mantemento do emprego público.

A súa elaboración realízase ao abeiro do establecido na Lei clasificación orgánica 6/2001, de 21 decembro, de Universidades e nos Estatutos da Universidade de Vigo, e das normas que rexen a actividade económico-financeira do sector público galego e estatal.

### TÍTULO I. DA APROBACIÓN DO ORZAMENTO E DAS SÚAS MODIFICACIÓNS.

#### Capítulo I. Créditos iniciais e financiamento.

##### Artigo 1. Aprobación dos estados de ingresos e gastos da Universidade de Vigo.

O orzamento da Universidade de Vigo para o exercicio de 2018, integrado polos estados de gastos e ingresos, apróbase en equilibrio e cumprindo coa sustentabilidade financeira dentro do teito de gasto establecido polo Consello Social.

No estado de ingresos recóllense as estimacións dos dereitos económicos que se prevén liquidar durante o exercicio orzamentario e que por normativa orzamentaria suman o mesmo importe que as dotacións de crédito para gastar, que indican o importe máximo das obrigas que se poden recoñecer durante o exercicio.

##### Artigo 2. Clasificación das previsións de ingresos.

No exercicio 2018, nas aplicacións das previsións de ingresos, identificase, por clasificación orgánica, todos aqueles ingresos que se refiran a actuacións nas que exista financiamento específico, e fundamentalmente cando existe financiamento europeo, para atender o requirimento legal de "realizar unha contabilidade diferenciada de cada unha das actuacións".

Ao tempo múdase a codificación da clasificación económica para diferenciar os fondos europeos, entre outras cousas para facilitar a rendición de información á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

**Artigo 3. Clasificación dos créditos do estado de gastos.**

1. O estado de gastos confeccionarase aplicando unha clasificación funcional por programas que informa do obxectivo a acadar, unha clasificación orgánica que informa sobre o centro ou unidade da Universidade que realiza o gasto e unha clasificación económica que informa da natureza do mesmo.

2. Os créditos clasifícanse nos seguintes programas:

| CÓDIGO | DENOMINACIÓN |
|---|---|
| 111L | Docencia |
| 121D | Apoio ao Alumnado e á Docencia |
| 131H | Fomento e Desenvolvemento da Investigación |
| 141B | Dotación de Fondos Bibliográficos |
| 211E | Extensión Universitaria |
| 311V | Dotación e Mantemento de Infraestruturas |
| 421S | Goberno e Administración da Universidade |

3. Os créditos clasifícanse organicamente nos seguintes centros de gasto:

| CÓDIGO | DENOMINACIÓN |
|---|---|
| 0000 | SERVICIOS CENTRAIS |
| 00CS | CONSELLO SOCIAL |
| 00EP | VICERREITORÍA DE ECONOMÍA E PLANIFICACIÓN |
| 00EU | VICERREITORÍA DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E RELACIÓNS INTERNACIONAIS |
| 00PG | ESCUELA OFICIAL DE DOUTORAMENTO |
| 00TG | TRIBUNAL DE GARANTÍAS |
| 00VA | VICERREITORÍA DE ALUMNOS |
| 00VI | VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN |
| AEO1 | CENTRO SINGULAR DE INVESTIGACIÓN OCEANOGRÁFICA |
| ATI1 | ATLANTIC- AGRUPACIÓN ESTRATÉXICA DE INVESTIGACIÓN |
| BUV1 | BIBLIOTECA |
| CAT1 | C.A.C.T.I. |
| E812 | AGRUPACIÓN ESTRATÉXICA ECOBAS - CONVENIO XUNTA DE GALICIA 2018 |
| INB1 | CENTRO SINGULAR DE INVESTIGACIÓN BIOMEDICINA |
| ORI1 | OFICINA DE RELACIONS INTERNACIONAIS |
| OUCT | VICERREITORÍA DO CAMPUS DE OURENSE - CAMPUS DA AUGA - CITI |
| OUR1 | VICERREITORÍA DO CAMPUS DE OURENSE - CAMPUS DA AUGA |
| PON1 | VICERREITORÍA DO CAMPUS DE PONTEVEDRA - CAMPUS CREA S2i |
| VMAR | COMISIONADO PARA O CAMPUS DO MAR |
| VMAT | COMISIONADO PARA O CAMPUS DO MAR - ECIMAT |

| | |
|---|---|
| VTCB | COMISIONADA PARA O VIGO - TECNOLÓXICO - CINBIO |
| VTEC | COMISIONADA PARA O VIGO - TECNOLÓXICO |
| VTMT | COMISIONADA PARA O VIGO - TECNOLÓXICO - MTI |
| XXXX | CENTROS / DEPARTAMENTOS |

4. Os créditos de gasto clasifícanse, atendendo a súa natureza, en capítulos, artigos, conceptos e subconceptos se fose o caso.

| CAPÍTULO | DENOMINACIÓN |
|---|---|
| 1 | Gastos de persoal |
| 2 | Gastos correntes en bens e servizos |
| 3 | Gastos financeiros |
| 4 | Transferencias correntes |
| 5 | Fondo de continxencia |
| 6 | Investimentos reais |
| 8 | Activos financeiros |
| 9 | Pasivos financeiros |

## Capítulo II. Modificación e execución de créditos orzamentarios.

### Artigo 4. Especialidade dos créditos.

Os créditos para gastos destinaranse exclusivamente á finalidade específica para a que se autorizaron ao aprobar o orzamento ou as correspondentes modificacións orzamentarias, respectando os principios de especialidade temporal, cualitativa e cuantitativa.

### Artigo 5. Vinculación dos créditos.

1. Os créditos autorizados teñen carácter vinculante e limitado a nivel de artigo agás:

a) No capítulo 1, os créditos destinados a incentivos ao rendemento (150 e 151) que terán carácter vinculante a nivel de concepto.

b) No capítulo 2, serán vinculantes os seguintes subconceptos:

226.01. Atencións protocolarias.

226.02. Publicidade e propaganda.

233.04. Outras indemnizacións por razóns de servizo para a Xunta de persoal docente e investigador.

233.05. Outras indemnizacións por razóns de servizo para a Xunta de persoal de administración e servizos.

233.06. Outras indemnizacións por razóns de servizo para os Comités de empresa de persoal de administración e servizos.

233.07. Outras indemnizacións por razóns de servizo para os Comités de empresa de persoal docente e investigador.

c) No capítulo 6, os clasificados no artigo 64 que terán a vinculación co nivel de desagregación que se indique no documento orzamentario.

2. Pola súa parte, terán carácter vinculante, co nivel de desagregación que apareza no estado de gastos, os créditos que teñan financiamento específico.

3. No referido á xestión dos gastos plurianuais teranse en conta a seguintes regras:

- A vinculación dos créditos na clasificación orgánica e a nivel de sección.

- A vinculación dos créditos na clasificación funcional e a nivel de programa.

4. Non se poden adquirir compromisos de gasto por unha contía superior aos importes dos créditos autorizados no estado de gastos, e serán nulos de pleno dereito os actos administrativos e as disposicións xerais que infrinxan estas normas, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan.

**Artigo 6. Distribución dos créditos.**

O orzamento poderá executarse mediante subprogramas. É posible crear novos subprogramas unha vez aprobado o orzamento, que poderán ser dotados mediante desglose de crédito ou transferencia de crédito dentro do mesmo programa de gasto.

**Artigo 7. Fondo de continxencia.**

1. Co fin de facer fronte durante o exercicio orzamentario a necesidades inaprazables para as que non se fixera en todo ou en parte unha axeitada dotación de crédito, inclúese no orzamento da universidade a aplicación orzamentaria 0000 421S 500 “Fondo de Continxencia”. Este fondo poderá ser destinado a financiar créditos ampliables ou transferencias de crédito.

2. Este fondo, ademais da consignación inicial contida no orzamento, poderá ser dotado mediante reducións noutros créditos, con independencia do programa ao que se refiran, ou con remanente non afectado de tesourería, pero neste último caso precisará autorización previa do Consello de Goberno, e sempre que non signifique un incremento do teito de gasto aprobado para o exercicio 2018.

3. A dotación ou a utilización do fondo, con independencia do indicado nos seguintes artigos, será autorizado pola Xerencia trala instrución do oportuno expediente. Para a dotación e utilización do fondo deberán xustificarse respectivamente as fontes de financiamento do mesmo e as necesidades orzamentarias que se prevé atender. A Xerencia dará conta periodicamente ao Consello de Goberno e ao Consello Social.

**Artigo 8. Principios xerais das modificacións orzamentarias.**

1. Son modificacións orzamentarias as variacións que poden autorizarse nos créditos que compoñen o estado de gastos para axeitalos ás necesidades que se produzan durante a execución do orzamento e ás das correspondentes previsións de ingresos se procedera.

2. Todo acordo de modificación orzamentaria requirirá a instrución do oportuno expediente polo xerente, administrador/ra, director/a ou xefe/a do servizo. O expediente conterá unha memoria xustificativa cos motivos que fundamentan a proposta, indicando tanto os referentes á realización do novo gasto proposto como, no seu caso, a suspensión da actuación inicialmente prevista e a repercusión sobre os obxectivos do programa afectado, e na que como mínimo se expresarán os programas e conceptos afectados co maior nivel de detalle, así como o seu financiamento no caso de que a modificación implique aumento neto do gasto.

3. Non poden incrementarse os créditos iniciais dos subconceptos 226.01 e 226.02, 233.04, 233.05, 233.06 e 233.07.

4. As modificacións orzamentarias non poden implicar un aumento do teito de gasto aprobado para o exercicio 2018 coa excepción daquelas subvencións finalistas da Xunta de Galicia, da Administración do Estado, da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas para actividades non previstas no orzamento inicial.

5. Se fose necesario aprobar unha modificación do orzamento que incremente o teito de gasto e non estivese comprendida no apartado anterior, debe levarse ao Consello Social a aprobación do teito de gasto e a modificación simultaneamente.

**Artigo 9. Xeracións de crédito.**

1. Os ingresos que acheguen persoas naturais ou xurídicas, públicas ou privadas, e que pola súa natureza estean comprendidos nos fins ou obxectivos da universidade , poderán xerar crédito no estado de gastos, sempre que non figuren incluídos nas previsións iniciais do orzamento. Para a xeración de crédito será necesario:

1.1.Que se xustifique documentalmente a realidade do ingreso, a inexistencia de crédito na aplicación orzamentaria de gasto, ou que o existente é insuficiente para a consecucións dos obxectivos establecidos.

1.2.Que exista convenio de financiación por parte de unha administración publica que esixa a realización do gasto con anterioridade ou libramento dos fondos, e que estes non estean incluídos nas previsións orzamentarias.

2.Tamén poderán xerar crédito:

2.1.O alleamento de bens patrimoniais da Universidade

2.2.A prestación de servicios

2.3.O reembolso de empréstitos

2.4.O mecenado

3. A Xerencia é o órgano competente para a aprobación destas modificacións, e no caso de convenios ou resolucións de entidades públicas pode autorizar a xeración de crédito dando credencial do compromiso do ingreso mediante copia do convenio asinado ou da resolución. A Xerencia dará conta periodicamente destas modificacións ao Consello de Goberno e ao Consello Social.

4. O enunciado nos apartados anteriores está supeditado a que non se incremente o teito de gasto establecido para o exercicio 2018.

**Artigo 10. Créditos ampliables.**

1. Terán excepcionalmente a consideración de ampliables os créditos seguintes:

a) Os destinados ao pagamento das cotizacións á Seguridade Social ou outros gastos sociais do persoal.
b) Os destinados ao pagamento de xuros, amortización de préstamos ou de operacións de crédito concertadas pola Universidade, así como os gastos financeiros.

c) Os destinados á cobertura de necesidades de toda orde motivadas por sinistros, catástrofes ou outros de recoñecida urxencia.

d) Os destinados a atender as obrigas contidas nos programas ou subprogramas de gasto referidos a:

- Prazas do Persoal de Administración e Servizos.

- Prazas do Persoal Docente e Investigador.

- Lectura de Teses de Doutoramento.

En relación a este último apartado establecese un límite máximo de 1.600€ de gasto por tese de doutoramento con mención europea ou internacional e de 1.300€ de gasto para o resto das teses. Estes límites aplícanse para os gastos a efectuar con cargo á aplicación centralizada.

Excepcionalmente, si existe dispoñibilidade de crédito na aplicación orzamentaria apropiada que poida soportar o gasto (sempre que sexa diferente da aplicación orzamentaria 0000-131HLTD-230), a proposta, debidamente xustificada, do Director da Escola Internacional de Doutoramento, o Presidente da Comisión Permanente do Comité de Dirección da Escola Internacional de Doutoramento, na figura da súa Presidencia, poderá autorizar o incremento dos límites establecidos no punto anterior.

2. A Xerencia autorizará as ampliacións de crédito. O expediente de ampliación de créditos deberá establecer a fonte de financiamento de dita ampliación, distinguindo se o mesmo se financiará con reducións noutros créditos, con maiores recursos que se vaian obter ou con remanente non afectado de tesourería. A Xerencia dará conta periodicamente das modificacións ao Consello de Goberno e ao Consello Social.

3. O cumprimento do establecido nos apartados anteriores está condicionado a que non se incremente o teito de gasto aprobado para o exercicio 2018.

### Artigo 11. Transferencias de crédito

1. Consisten no traspaso da totalidade ou parte dos créditos dun concepto orzamentario a outro do orzamento de gastos, isto é, na minoración dun ou varios conceptos en favor doutro ou doutros que aumentan globalmente na mesma contía. A proposta de diminución dun crédito dos que teñen financiamento xenérico ten que garantir que, no crédito minorado, quede consignación suficiente para atender os gastos previstos ata o final do exercicio.

2. As transferencias de crédito estarán suxeitas ás seguintes limitacións xerais:

- Non poderán minorarse créditos que fosen incrementados mediante transferencia.

- Non poderán afectar a créditos incorporados como consecuencia de remanentes non comprometidos en exercicios anteriores.

- Non incrementarán créditos que, como consecuencia doutras transferencias, fosen obxecto de minoración.

- Non poderán afectar a créditos con financiamento específico, agás autorización, que haberá de acreditarse no expediente do ente financiador.

- Non poderán minorarse créditos ampliables.

- Non poden afectar a créditos con distinta vixencia anual, agás as dotacións orzamentarias dos "programas soporte a xestión económica dos grupos de investigación".

3. Correspóndelles aprobar as transferencias de crédito aos seguintes órganos:

a) Ao Consello Social, a proposta do Consello de Goberno, as transferencias de gastos de capital a gastos correntes, calquera que sexa o programa ao que afecten.
b) Ao Consello de Goberno, as transferencias de crédito entre conceptos de diferentes programas, agás as mencionadas no apartado a).
c) Ao Xerente, por delegación do Consello de Goberno, as transferencias entre créditos dos diversos epígrafes dun mesmo ou de diferentes capítulos de gasto correspondentes ao mesmo programa, agás as mencionadas nos apartados a) e b), salvo no caso que se refiran a dotación ou utilización do fondo de continxencia.

**Artigo 12. Reasignación, desglose e redistribución de créditos**

1. As dotacións de crédito que sexan realizadas desde os centros xestores de programas de gasto ás diferentes clasificacións orgánicas para a xestión descentralizada dos mesmos, sempre que non modifiquen nin a clasificación funcional, nin a clasificación económica, serán consideradas reasignacións de crédito e non transferencias de crédito.

Se o que se modifica, por ampliación de concepto a subconcepto, é exclusivamente a clasificación económica estaremos diante dun desglose de crédito.

A redistribución supón o traspaso da totalidade do crédito dunha aplicación a outra ou outras con distinta clasificación orgánica, pero a mesma clasificación funcional e económica.

2. As reasignacións, desgloses ou redistribucións de crédito serán ordenadas polo Xerente, a proposta do vicerreitor/a correspondente en función da materia de que se trate, quen deberá

achegar aos administradores/as, directores/as e xefes/as de servizo afectados/as, copia dos acordos.

**Artigo 13. Programa de soporte a xestión económica de grupos de investigación.**

1. A Xerencia, a proposta da Vicerreitoría de Investigación, poderá autorizar a apertura de aplicacións orzamentarias de gasto para os grupos de investigación que subscriban un programa de soporte para a xestión económica das actividades de I+D+i.

Para a xestión destas actividades atenderase ao indicado no “Protocolo para o desenvolvemento do programa de soporte á xestión económica de grupos de investigación”, aprobado en Consello de Goberno, salvo contradición con norma o normas de rango superior.

2. A Xerencia dará conta periodicamente das dotacións de crédito para estes programas, indicando a procedencia dos créditos dotados, ao Consello de Goberno e ao Consello Social.

**Artigo 14. Imputación de obrigas**

1. Con cargo aos créditos do estado de gastos de cada orzamento, só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións, ou gastos en xeral, que se realicen dentro do ano natural do propio exercicio orzamentario.

2. Non obstante, aplicaranse aos créditos do orzamento vixente no momento da expedición das ordes de pagamento as obrigas seguintes:

- As que resulten da liquidación de atrasos a favor do persoal que perciba as súas retribucións con cargo ao orzamento da Universidade.
- As derivadas de compromisos de gasto debidamente recoñecidos en exercicios anteriores, entre elas as indemnizacións por razóns de servizo xeradas no último cuadrimestre do ano anterior.
- As que resulten de gastos realizados en exercicios anteriores e se validen na forma regulamentariamente establecida.

3. O Reitor é o órgano competente para a validación de gastos, que deberán ter o informe previo do Servizo de Control Interno. Para a validación dos gastos será necesario que, por parte dos órganos que teñen a competencia para autorizar gasto, se confeccione o oportuno expediente, no que figurará necesariamente a causa de non cumprimento da normativa e a aplicación á que correspondería imputar o gasto.

4. No referido aos gastos de carácter plurianual estarase ao seguinte:

a) Para a execución de gastos con cargo aos créditos de exercicios futuros, é necesaria a comprobación previa do cumprimento dos límites establecidos na normativa orzamentaria, sendo preciso acompañar ao expediente a constatación de dita circunstancia.
b) No caso de que fose necesario, previa xustificación do órgano propoñente, o Reitor poderá aprobar a modificación dos límites aos que se fai referencia no apartado anterior, previo informe do órgano competente de que a modificación cumpre o plan de estabilidade orzamentaria aprobado pola Xunta de Galicia para a Universidade.
c) No caso de que a actuación se refira a un proxecto de investigación ou a un contrato programa, será necesario incorporar no expediente a certificación expresa da existencia do compromiso de financiamento. Se nalgún exercicio non existise crédito axeitado o Reitor poderá determinar a aplicación orzamentaria que soportará o gasto, no caso de que este deba realizarse.

**Artigo 15. Remanentes de crédito.**

1. O remanente de tesourería é un recurso orzamentario obtido, con carácter xeral, pola acumulación de resultados orzamentarios positivos dos anteriores exercicios. O remanente de tesourería obtense pola suma dos fondos líquidos, máis os dereitos pendentes de cobro, menos as obrigas pendentes de pago.

Para a incorporación ao exercicio orzamentario seguinte dos remanentes de tesourería, estarase ao que establezan as normas de sustentabilidade orzamentaria, tanto da administración autonómica coma da administración central.

Sempre dentro do establecido nas normas ás que se refire o parágrafo anterior, o remanente de tesourería debe aplicarse, en primeiro lugar, á dotación dos créditos necesarios para a devolución dos anticipos reintegrables que financian as diferentes infraestruturas de investigación. En segundo lugar, para financiar proxectos de investigación e demais actuacións con financiamento externo cunha duración que se estenda alén do exercicio económico de que se trate, pola parte do crédito dotado e non executado no exercicio.

Unha vez executadas as actuacións referidas anteriormente, e sempre que queden importes pendentes de aplicación, procederase a incorporar os créditos que acadaran a fase D, antes do 31 de decembro, na execución das aplicacións orzamentarias do exercicio precedente.

O Reitor excepcionalmente poderá acordar a incorporación do crédito dispoñible a 31 de decembro nas aplicacións orzamentarias correspondentes ás axudas a equipos de investigación, á dotación de laboratorios docentes e á produción científica, previa petición que debera vir acompañada da memoria xustificativa da necesidade. No caso de aprobarse

esta incorporación, o crédito debe executarse, ineludiblemente, durante o exercicio ao que se incorpore.

2. Para a incorporación dos créditos de gasto destinados á execución das actividades previstas no programa de soporte á xestión económica de grupos de investigación mencionados no artigo 13 atenderase ao indicado no "Protocolo para o desenvolvemento do programa de soporte á xestión económica de grupos de investigación", aprobado en Consello de Goberno.

3. O resto dos remanentes que non se executen a 31 de decembro serán considerados de libre disposición para o exercicio seguinte.

4. Todas as operacións anteriores se entenden sempre supeditadas a que non se sobrepase o teito de gasto establecido para o exercicio 2018.

## TÍTULO II. DOS GASTOS DE PERSOAL

### Artigo 16. Custos de persoal

1. As retribucións do persoal activo ao servizo da universidade quedan suxeitas ao que nesta materia dispón a Lei de Orzamentos Xerais do Estado e a Lei de Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Poderanse abrir aplicacións orzamentarias específicas no capítulo I para gastos de persoal contratado para a prestación de servizos con base en convenios ou programas con financiamento externo.

Estes gastos, coas súas cotas sociais, non poderán superar os importes dos convenios ou programas ou ben das previsións de ingresos. Así mesmo, poderanse ampliar as dotacións orzamentarias dos conceptos referidos, cando ao longo do exercicio se produza a incorporación de novo persoal co financiamento correspondente. Sempre que non se contradiga co establecido nestas normas nin nas que se establezan con carácter xeral pola CC.AA. de Galicia ou pola Administración Central.

3. Con cargo aos créditos dos programas 111L e 131H xestionados en centros e departamentos respectivamente, non se poden realizar contratacións de persoal.

4. A dotación orzamentaria do capítulo 1 inclúe unha previsión de *50.000€* para atender o mandato contido no artigo 88.3 dos Estatutos da Universidade de Vigo.

## TÍTULO III. SUBVENCIÓNS.

### Artigo 17. Achegas a fundacións.

1. Quedan autorizadas para exercicio 2018 as seguintes achegas directas a fundacións:

| ENTIDADE | IMPORTE |
|---|---|
| Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais Galicia-Norte de Portugal | 5.000,00 € |
| Fundación para a Promoción da Automoción en Galicia - CTAG | 12.100,00 € |
| Fundación Centro Tecnolóxico de Eficiencia e Sostibilidade Enerxética (Energylab) | 20.000,00 € |
| Fundación Triptolemos | 2.500,00 € |
| Fundación Museo do Pobo Galego | 700,00 € |
| Fundación Universidade de Vigo – FUVI | 80.000,00 € |

2. Subvencións nominativas:

Quedan autorizadas para o exercicio 2018 as seguintes subvencións nominativas:

| ENTIDADE | IMPORTE |
|---|---|
| Campus Ourense Rugby | 15.000,00 € |
| Asociación Xadrez Ourensán Universitario | 12.000,00 € |
| Club Deportivo Aurum | 3.000,00 € |
| Vigo Rugby Club | 15.000,00 € |
| Escola Xadrez Pontevedra | 18.000,00 € |

3. Dentro dos límites do crédito (establecidos a nivel de vinculación xurídica) orzamentado na aplicación 0000 421S 48, a Comisión Delegada de Planificación e Asuntos Económicos do Consello de Goberno poderá autorizar outras achegas a fundacións agás aquelas en que, segundo o previsto no artigo 84 da Lei Orgánica de Universidades 6/2001, de 21 decembro, deban ser aprobadas polo Consello Social.

## TÍTULO IV. DA CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA

### Artigo 18. Informes e autorizacións previas á contratación administrativa.

1. Sen prexuízo da documentación e trámites que estableza a vixente e a nova Lei de contratos do sector público, cumprirá informe previo e vinculante do Director do Departamento Técnico de Obras, Instalacións e Infraestruturas nos casos en que as actuacións afecten a edificios da universidade e as súas instalacións xerais de acordo coas instrucións xerencias emitidas ao efecto.

2. Os contratos administrativos de servizos, cando supoñan o uso por parte do contratista ou do seu persoal de inmobles, instalacións ou equipamento da universidade para a prestación dos servizos, requirirán a autorización previa da Xerencia.

3. Sen prexuízo da documentación e trámites que estableza a vixente e a nova Lei de contratos do sector público, cumprirá informe previo e non vinculante do Director do Gabinete do Reitor nos pedidos que se realicen con cargo a partida de publicidade (económica 226.02). Este informe deberá ser emitido e axuntado ao pedido nun prazo non superior a 3 días hábiles. No caso de non emitirse en prazo poderá continuarse coa solicitude do pedimento. Este informe poderá substituírse polo visto bo da Vicerreitoría de Economía e Planificación.

**Artigo 19. Medidas de racionalización da técnica da contratación.**

1. O reitor, a proposta da Xerencia, poderá declarar a uniformidade na adquisición de determinados bens e servizos, co obxecto de proceder á realización de compras conxuntas para toda a universidade ou racionalizar e ordenar a adxudicación de contratos mediante a conclusión de acordos marco, a articulación de sistemas dinámicos de contratación ou a asunción da contratación por servizos especializados.

2. A Xerencia queda autorizada para reter, autorizar e dispoñer dos créditos correspondentes para a contratación de bens e servizos de forma conxunta para toda a universidade previa a declaración prevista no apartado anterior. Así mesmo, poderá reter, autorizar, dispoñer e obrigar os créditos correspondentes nas contratacións centralizadas de obras, subministracións e servizos.

**Artigo 20. Outras normas en relación á tramitación de expedientes.**

1. Na proposta de contratación de obras, bens e servizos con cargo a créditos con financiamento específico será obrigatorio indicar a fonte de financiamento e o prazo de xustificación do gasto.

2. Despois do 30 de setembro e do 31 de outubro de cada exercicio non se poderán iniciar expedientes de contratación, mediante procedemento aberto ou procedemento negociado respectivamente con cargo a créditos do exercicio corrente.

A data límite será un mes antes para os contratos de regulación harmonizada ou calquera dos contratos mencionados no artigo 37.1 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de Contratos do Sector Publico, que poidan ser obxecto de recurso especial en materia de contratación.

A norma anterior pasará a estar derogada, con efectos de 9 de marzo de 2018, pola nova Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Con cargo a proxectos de investigación, unicamente se poderán iniciar expedientes de contratación cando o período entre a data de inicio do expediente e a data de finalización do proxecto sexa superior a dous meses. En todo caso, a tramitación só será posible se computado o tempo de tramitación e de execución do contrato, a xustificación de gastos é posible.

3. Excepcionalmente, tras a debida xustificación do propoñente, o órgano de contratación poderá autorizar o inicio de expedientes despois das devanditas datas.

**Artigo 21. As actas de recepción.**

1. As actas de recepción derivadas de expedientes de contratación de obras deberán lexitimarse coas sinaturas do contratista, dos facultativos encargados da dirección da obra, do facultativo designado polo reitor, do responsable, do xerente e no caso de que o importe de adxudicación sexa igual o superior a 50.000€ (IVE excluído) o dun representante do Servizo de Control Interno.

2. As actas de recepción derivadas de expedientes de contratación de subministracións ou servizos deberán lexitimarse coas sinaturas do contratista, das persoas autorizadas en razón da súa competencia nos créditos dos centros de gasto, do xerente e, no seu caso, o responsable do proxecto de investigación ao que corresponde o expediente e, no caso de que o importe de adxudicación sexa igual ou superior a 50.000€ (IVE excluído), dun representante do Servizo de Control Interno. Nos servizos centralizados, ou cando así o estime oportuno a Xerencia, figurará o responsable ao que se destine o obxecto do contrato e o técnico que se designe.

3. Quedan exceptuadas do disposto no parágrafo anterior as subministracións de bens e os servizos que respondan a necesidades permanentes e que supoñan entregas ou prestacións repetitivas, que serán recepcionados mediante documento xustificativo da entrega por parte do responsable da unidade ao que se destine o obxecto do contrato e as persoas autorizadas en razón da súa competencia nos créditos do centro de gasto.

4. Trimestralmente darase conta ao Consello de Goberno e ao Consello Social das recepcións efectuadas que superen os 450.759,08 euros en obras e 300.506,05 euros en subministracións e en servizos.

## TÍTULO V. DA XESTIÓN DO INVENTARIO E PATRIMONIO.

### Artigo 22. Dos bens mobles inventariables.

Serán inventariables como regra xeral os bens non funxibles que reúnan conxuntamente os requisitos que se indican a continuación:

a) Que se lle calcule unha vida útil superior ao ano e non se consuma co uso.

b) Que teñan un custo unitario superior a 400 euros, tendo en conta o valor de imputación da adquisición ao orzamento da Universidade.

Exceptuarase do anterior o mobiliario (cadeiras, mesas, armarios ou outro mobiliario semellante) que tense que inventariar en todos os casos con independencia do seu valor.

Tamén incorporaranse ao inventario aqueles bens que aínda que non fosen adquiridos pola universidade sexan doados. Nestes casos a valoración do material virá dado, con carácter xeral, por unha certificación expedida pola persoa ou entidade doadora do ben, quen pode substituír esta certificación pola aportación da factura de compra si a tivese.

### Artigo 23. Alleamento de bens patrimoniais da Universidade.

O alleamento de bens producirase mediante poxa, tras a instrución do expediente polo Servizo de Xestión Económica e Contratación, no que necesariamente se incluirá a súa taxación pericial. Estarase ao disposto no Regulamento de Patrimonio da Universidade de Vigo.

### Artigo 24. Actualización do valor contable patrimonial.

Autorízase ao xerente a ditar as normas necesarias para a actualización a 31 de decembro, da anualidade que corresponda, do valor contable do inventario da Universidade.

## TÍTULO VI. DA MEMORIA ANUAL.

### Artigo 25. Elaboración da memoria.

1. Os decanos/as, directores/as de escola, directores/as de departamento e os coordinadores/as de programas oficiais de posgrao e títulos propios co apoio dos administradores/as de centro, ámbito ou campus, elaborarán unha memoria económica anual no prazo de tres meses contados a partir do peche do exercicio económico. Esta mesma obriga aplícase aos vicerreitores e á Xerencia, así como aos responsables dos restantes programas de actuación.

2. Estas memorias formarán parte, como anexo, da memoria económica anual da Universidade, que elaborará a Vicerreitoría de Economía e Planificación e a Xerencia baixo a dirección do Reitor.

3. As memorias conterán como mínimo unha explicación da execución do orzamento e das modificacións do mesmo, así como una descrición das accións realizadas. A Vicerreitoría de Economía e a Xerencia elaborarán unha instrución conxunta para determinar o contido e formato das mesmas.

## TÍTULO VII. ESPECIFICIDADES DA XESTIÓN DOS GASTOS

### Capítulo I. Facultades e escolas técnicas e universitarias.

#### Artigo 26. Créditos para centros.

Os créditos do programa 111L "Docencia" inclúen:

- As dotacións básicas para o sostemento das facultades e escolas técnicas e universitarias que figuran no anexo II, excluíndo as subministracións de electricidade, auga, gas natural ou similar e gasóleo.
- As dotacións para o desenvolvemento das titulacións oficiais de posgrao e títulos propios que se desenvolven por subprogramas dentro de cada centro e que figuran no anexo II.
- As dotacións para as delegacións de estudantes que figuran no anexo II.
- As dotacións por calidade docente no seu caso.

### Capítulo II. Departamentos.

#### Artigo 27. Créditos para departamentos.

Os créditos do programa de departamentos inclúen as dotacións básicas para o sostemento dos departamentos que figuran no Anexo II.

#### Artigo 28. Desprazamentos dos docentes.

A aplicación 2018 0000 421S 230 terá no exercicio de 2018 unha dotación de 30.000,00€ para financiar as axudas de custo dos desprazamentos entre os campus en función da docencia de cada cuadrimestre. Os pagos efectuaranse consonte as liquidacións elaboradas seguindo as instrucións da Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado.

#### Artigo 29. Produción científica e de transferencia.

Neste exercicio distribuiranse 685.000,00€ euros incluídos na aplicación 2018 00VI 131H 641.01, a distribución deste importe será realizada seguindo as indicacións da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia.

Estes créditos incrementarán os créditos orzamentados para cada departamento ou, previo acordo dos Consellos de Departamento, as dotacións dos programas de soporte a xestión económica dos grupos de investigación .

**Capítulo III. Outras Especificidades.**

**Artigo 30. Laboratorios docentes.**

Na aplicación 2018 00EP 311V 626 inclúense 800.000,00€, que serán distribuídos seguindo as indicacións da Vicerreitoría de Economía e Planificación, e se destinaran para financiar a dotación de laboratorios docentes. Estes créditos incrementarán os créditos orzamentados para cada facultade ou escola.

**Artigo 31. Gastos de viaxe, aloxamento e manutención do persoal de administración e servizos.**

A Xerencia autorizará as actividades do persoal de administración e servizos que impliquen gastos de viaxe, aloxamento e manutención.

**Artigo 32. Delegación de estudantes.**

Os créditos asignados ás delegacións de alumnado presentados no Anexo II, terán como primeiro obxectivo atender os gastos derivados das súas actividades propias e dos representantes dos estudantes nos órganos de goberno da Universidade.

Para que estas dotacións poidan financiar gastos de carácter inventariable, cumprirá que por parte do decano/a ou director/a e do administrador/a do centro se certifique a necesidade do investimento e se solicite da Xerencia a correspondente modificación de crédito.

**Artigo 33. Normas de asignación do gasto centralizado de telefonía.**

Consígnase un importe de 150.000,00€ para atender os gastos de telefonía dentro da aplicación 2018 0000 421S 222, incluídos os consumos básicos dos departamentos. Para estes efectos, os importes límite asignados son os seguintes:

- 90€/ano por profesor/a a tempo completo.
- 30€/ano por profesor/a a tempo parcial.
- 150€/ano pola sede do departamento.

Estas asignacións realizaranse asimilando á primeira categoría os contratados polos programas Ramón y Cajal, Juan de la Cierva e Parga Pondal e segundo os datos dispoñibles no primeiro día lectivo do exercicio orzamentario.

**Artigo 34. Asignación en edificios compartidos.**

Dada a situación de compartir espazos por diferentes centros e titulacións, asígnase a xestión de edificios e instalacións, agás os gastos de subministracións (electricidade, auga, gas natural e asimilados e gasóleo) que se centralizan nos servizos xerais de cada campus, do seguinte xeito:

a) Dentro do Campus de Vigo, os créditos das facultades de Química, Bioloxía e Ciencias do Mar asígnanse ao centro de traballo de Ciencias de Vigo e os do Edificio de Fundición ao centro de traballo da Escola de Enxeñería Industrial.

b) Dentro do Campus de Ourense, os créditos do Edificio Xurídico-Empresarial están consignados no orzamento de Ciencias Empresariais e Turismo, os do Edificio de Facultades e dos pavillóns 1 e 2 na Facultade de Historia, os do Edificio Politécnico na Escola Superior de Enxeñaría Informática e os do pavillón de ciencias na Facultade de Ciencias.

**Artigo 35. Bolsas.**

1. As Vicerreitorías de Economía e Planificación, de Estudantes, de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais, de Investigación, do Campus de Ourense e do Campus de Pontevedra e os Comisionados poderán convocar, dentro dos seus respectivos ámbitos de competencia, bolsas específicas de programas ou de Extensión Universitaria e investigación.

Para o exercicio 2018 impútanse con cargo aos conceptos do capítulo 4 do orzamento de gastos do programa 121D asociado á clasificación orgánica 0000, todos os gastos derivados das convocatorias de bolsas de informática, de mobilidade, de integración,.. para facilitar a xestión a través do servizo correspondente.

Para que as devanditas vicerreitorías poidan incluír nas súas convocatorias de bolsas as solicitudes de bolseiros que fagan os centros ou departamentos, cómpre que previamente estea dotada a aplicación orzamentaria correspondente do capítulo IV deses centros de gasto.

Na tramitación e na xestión administrativa e económico-orzamentaria destas bolsas empregaranse os servizos administrativos da Universidade de Vigo, consonte aos procedementos establecidos pola Xerencia.

Os beneficiarios serán alumnos das diferentes titulacións da Universidade de Vigo.

## TITULO VIII. DO CONTROL INTERNO.

**Articulo 36. Do control interno.**

1. O límite mínimo para o exercicio da fiscalización previa do gasto e de 12.000 € mais IVE, quedando excluídos da mesma os expedientes de gastos por unha contía inferior. Quedan

exceptuados do recollido no parágrafo anteriores compromisos de gasto correspondentes a gastos que efectivamente se realizaron no exercicio 2018 pero cuxo xustificante ou factura non se recibira nas datas establecidas na orde de peche correspondente para realizar o recoñecemento da obriga (documento ADO).

Con independencia do anterior e de acordo coa LEI 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, no seu Artigo 23. Contratación transparente e que fomente a competencia

> "1. Nos procedementos negociados por razón da contía establecidos na lexislación de contratos do sector público que non requiren a publicación de anuncios de licitación, nos contratos menores de obras de importe superior a 25.000 euros e nos restantes contratos menores de importe superior a 9.000 euros, os órganos de contratación da Administración Xeral da Comunidade Autónoma e do sector público deberán invitar para a formulación de ofertas, ao menos, a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que elo sexa posible.
>
> O prazo para a recepción de ofertas será o que razoablemente sexa necesario para preparar estas, atendida a complexidade do contrato.
>
> 2. As empresas invitadas non poderán estar vinculadas entre elas. Esta vinculación apreciarase nos termos establecidos na lexislación de contratos do sector público. Así mesmo, non serán invitadas empresas que actúen baixo unidade de decisión ou unha dirección única, en particular, cando a maioría dos membros do órgano de administración da sociedade dominada sexan membros do órgano de administración ou altos directivos da sociedade dominante ou de outra dominada por esta.
>
> Ás empresas invitadas a presentar ofertas exixiráselles sempre unha declaración das empresas coas que teñan vinculación, nos termos establecidos no apartado anterior..."

2. O Reitor, a proposta da Xerencia, aprobará un Plan de Control Interno para o exercicio 2018 a elaborar e desenvolver polo Servizo de Control Interno, o cal atenderá ás seguintes premisas:

- Definir e Implantar un plan anual de control financeiro permanente de tal forma, que permita levar a cabo a revisión daquelas actuacións non suxeitas a fiscalización previa, próxima no tempo para mellorar a xestión e que esta sexa áxil, eficaz, eficiente.
- Detectar a existencia de irregularidades, deficiencias e áreas de mellora, que postas de manifesto, mediante as oportunas propostas e recomendacións, incidan nos procedementos de actuación das unidades xestoras, contribuíndo a evitar a súa reiteración e promovendo a súa mellora.

## DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

1ª Apróbanse as tarifas de servizos contidas no anexo III.

2ª Autorízase ao Reitor, tras a aprobación dos plans de investimentos polos órganos competentes, á realización dos trámites oportunos para concertar unha operación de empréstito dentro dos límites da normativa vixente.

3ª Autorízase á Vicerreitoría de Economía e Planificación para ditar as resolucións necesarias para modificar ou establecer novas normas de desenvolvemento do orzamento 2018.

Así mesmo, a Xerencia poderá ditar as instrucións e ordes de servizo necesarias para a execución e cumprimento destas disposicións e especificamente, dada a relevancia das actuacións, para a adopción daquelas medidas precisas cara a:

a) Mellora continua na implantación do modelo de contabilidade analítica.
b) Implantación do novo modelo de xestión económico-patrimonial, en especial para a mellora na xestión do patrimonio da Universidade.
c) Implantación da sistemática para a xestión das subministracións da Universidade.
d) Implantación e mellora de novos procedementos electrónicos na xestión económica e en xeral para o impulso da administracion electrónica, para a posta en marcha de novos procedementos e ferramentas informáticas.

## DISPOSICIÓNS DERRADEIRAS

1ª O Reitor poderá reordenar as competencias propias que nas normas de desenvolvemento do presente orzamento figuran delegadas.

2ª As presentes normas entrarán en vigor o día 1 de xaneiro de 2018.

# *ANEXO I GASTOS DE PERSOAL 2018*

## RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR

### FUNCIONARIADO DOCENTE

| GRUPO/CATEGORÍA | EFECTIVOS | CUSTO SALARIAL |
|---|---|---|
| Catedrático de universidade | 131 | 8.164.056 € |
| Catedrático de escola universitaria | 19 | 1.021.838 € |
| Titular de universidade | 584 | 31.408.078 € |
| Titular de escola universitaria | 59 | 2.942.584 € |
| **TOTAL** | **793** | **43.536.555 €** |

### PROFESORADO CONTRATADO

| GRUPO/CATEGORÍA | EFECTIVOS | CUSTO SALARIAL |
|---|---|---|
| Contratado doutor fixo | 219 | 10.809.652 € |
| Contratado doutor interino | 42 | 1.385.578 € |
| Axudante doutor | 39 | 1.057.869 € |
| Axudante | 1 | 20.837 € |
| Lector TC | 3 | 87.249,93 € |
| Asociado T3-P6 | 119 | 1.297.348 € |
| Asociado T3-P5 | 34 | 285.531 € |
| Asociado T3-P4 | 40 | 279.695 € |
| Asociado T3-P3 | 55 | 288.841 € |
| Asociado CC.SS. | 25 | 81.450 € |
| Emerito | 8 | 206.478 € |
| Contratado Interino P6 | 12 | 135.544 € |
| Contratado Interino P5 | 7 | 65.890 € |
| Contratado Interino P4 | 5 | 37.651 € |
| Contratado Interino P3 | 6 | 33.886 € |
| **TOTAL** | **615** | **16.073.500 €** |

## PERSOAL INVESTIGADOR

| GRUPO/CATEGORÍA | EFECTIVOS | CUSTO SALARIAL |
|---|---|---|
| Persoal investigador contratado | 260 | 4.514.000 € |
| Personal Técnico de Programas | 14 | 360.260 € |
| **TOTAL** | **274** | **4.874.260 €** |

## RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL DE ADMININISTRACIÓNS E SERVIZOS

### FUNCIONARIADO PAS

| GRUPO/CATEGORÍA | EFECTIVOS | CUSTO SALARIAL |
|---|---|---|
| A1 | 10 | 483.763 € |
| A2 | 87 | 3.290.507 € |
| C1 | 225 | 5.769.407 € |
| C2 | 58 | 1.269.767 € |
| **TOTAL** | **380** | **10.813.445 €** |

### LABORAL PAS

| GRUPO/CATEGORÍA | EFECTIVOS | CUSTO SALARIAL |
|---|---|---|
| I | 73 | 3.016.670 € |
| II | 11 | 390.376 € |
| III | 163 | 4.827.973 € |
| IV | 115 | 3.064.981 € |
| **TOTAL** | **362** | **11.300.000 €** |

### OUTRO PERSOAL

| GRUPO/CATEGORÍA | EFECTIVOS | CUSTO SALARIAL |
|---|---|---|
| Eventual | 4 | 225.500 € |
| **TOTAL** | **4** | **225.500 €** |

ALTOS CARGOS

| CARGO | EFECTIVOS | CUSTO SALARIAL |
|---|---|---|
| Xerente | 1 | 85.268 € |
| Vicexerente | 1 | 61.986 € |
| Secretario Consello Social | 1 | 45.746 € |
| **Total:** | **3** | **193.000 €** |

OUTROS GASTOS DE PERSOAL

| TIPO DE GASTO | CUSTO |
|---|---|
| Produtividade e gratificacións | 766.000 € |
| Acción social | 680.000 € |
| Plano de Pensións | 235.000 € |
| Gastos de formación PAS | 195.000 € |
| Cotas dos seguros sociais | 13.575.000 € |
| **TOTAL** | **15.451.000 €** |

RESUMO DO ORZAMENTO

| ARTIGO | CRÉDITO 2018 |
|---|---|
| 10 - Altos cargos | 193.000 € |
| 11 – Eventual | 225.500 € |
| 12 – Funcionarios | 54.350.000 € |
| 13 – Laborais | 11.300.000 € |
| 14 - Outro persoal | 20.947.760 € |
| 15 - Incentivos ao rendemento | 766.000 € |
| 16 - Cotas, prestacións e gastos sociais | 14.685.000 € |
| **TOTAL** | **102.467.260 €** |

Nota: neste anexo e aos efectos de manter a coherencia coa informacion achegada en anteriores exercicios, non se incorporan os importes referidos ao programa 121D, organica ORI1, dotado neste exercicio con 174.600,00€ no epigrafe 162.00 "Cursos de Formación PAS".

# *ANEXO II*

## ORZAMENTO DELEGACIÓNS DE ALUMNOS 2018

| ORGÁNICA | CENTRO | 220 | 226.99 | TOTAL |
|---|---|---|---|---|
| AL01 | EU DE ESTUDOS EMPRESARIAIS | 500 | | 500 |
| AL03 | FACULTADE DE CIENCIAS DO MAR | 500 | 500 | 1.000 |
| AL04 | FACULTADE DE CIENCIAS ECONOMICAS E EMPRESARIAIS | 500 | 500 | 1.000 |
| AL05 | FACULTADE DE FILOLOXIA E TRADUCION | 250 | 250 | 500 |
| AL06 | ESCOLA DE ENXEÑERIA INDUSTRIAL | 2.000 | 2.000 | 4.000 |
| AL07 | ESCOLA DE ENXEÑARIA DE TELECOMUNICACION | 500 | 2.500 | 3.000 |
| AL08 | ETS DE ENXEÑARIA DE MINAS | 800 | 2.000 | 2.800 |
| AL09 | FACULTADE DE BIOLOXIA | 500 | 500 | 1.000 |
| AL10 | FACULTADE DE QUIMICA | 500 | 500 | 1.000 |
| AL11 | FACULTADE DE BELAS ARTES | 100 | 900 | 1.000 |
| AL12 | FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACION E DO DEPORTE | 200 | 2.000 | 2.200 |
| AL13 | ESCOLA DE ENXEÑARIA FORESTAL | | 1.800 | 1.800 |
| AL14 | FACULTADE DE CIENCIAS SOCIAIS E DA COMUNICACIÓN | | 1.500 | 1.500 |
| AL15 | FACULTADE DE DEREITO | | 2.700 | 2.700 |
| AL16 | FACULTADE DE HISTORIA | | 2.000 | 2.000 |
| AL17 | FACULTADE DE CIENCIAS | | 2.300 | 2.300 |
| AL18 | FACULTADE DE CIENCIAS EMPRESARIAIS E TURISMO | | 2.000 | 2.000 |
| AL19 | FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACION | | 3.001 | 3.001 |
| AL21 | ESCOLA SUPERIOR DE ENXEÑARIA INFORMATICA | | 2.500 | 2.500 |
| AL22 | ESCOLA ENXEÑARIA AEROESPACIAL E AERONAUTICA | | 600 | 600 |
| AL30 | FACULTADE DE FISIOTERAPIA | | 2.000 | 2.000 |
| AL40 | FACULTADE DE CIENCIAS XURIDICAS E DO TRABALLO | 750 | 750 | 1.500 |
| | **TOTAL** | **7.100** | **32.801** | **39.901** |

## ORZAMENTO CENTROS 2018

| CENTRO | | 202 | 212 | 213 | 214 | 215 | 220 | 221.01 | 221.02 | 222 | 223 | 226.01 | 226.02 | 226.06 | 226.09 | 226.99 | 227.99 | 230 | 233 | II | 482.11 | IV | 625 | VI | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 0001 | EU DE ESTUDOS EMPRESARIAIS | | 20.000 | 8.000 | | 4.000 | 20.000 | 10.000 | 3.500 | 1.000 | 1.500 | 3.500 | | 2.537 | 200 | | 700 | 3.000 | | **77.937** | | **0** | 16.013 | **16.013** | **93.950** |
| 0003 | FACULTADE DE CIENCIAS DO MAR | 3.400 | | 11.600 | | 3.000 | 6.000 | 3.000 | 40.000 | 1.000 | 15.241 | 2.500 | 2.000 | | | 5.000 | | 2.500 | | **95.241** | | **0** | 5.971 | **5.971** | **101.212** |
| 0004 | FACULTADE DE CIENCIAS ECONOMICAS E EMPRESARIAIS | | 100.377 | 24.000 | | | 12.500 | 6.000 | 4.000 | 500 | 2.000 | 5.000 | 4.000 | 3.500 | | | 11.000 | 2.000 | 1.000 | **175.877** | | **0** | 7.448 | **7.448** | **183.325** |
| 0005 | FACULTADE DE FILOLOXIA E TRADUCION | | 71.572 | 9.500 | | | 8.000 | 7.000 | 3.500 | 600 | 1.000 | 5.000 | 3.250 | 10.500 | | | 5.500 | 2.000 | 1.000 | **128.422** | | **0** | 5.000 | **5.000** | **133.422** |
| 0006 | ESCOLA DE ENXEÑERIA INDUSTRIAL | | 87.900 | 78.900 | | 37.700 | 30.426 | 17.000 | 40.000 | 4.750 | 8.364 | 7.600 | 5.000 | 2.780 | | 36.893 | 7.250 | | 3.000 | **367.563** | | **0** | 53.825 | **53.825** | **421.388** |
| 0007 | ESCOLA DE ENXEÑARIA DE TELECOMUNICACION | | 28.700 | 40.800 | | 2.700 | 10.954 | 2.000 | 26.629 | 2.700 | 2.500 | 3.119 | 3.000 | | | 11.647 | 1.371 | | 3.829 | **139.949** | | **0** | 18.577 | **18.577** | **158.526** |
| 0008 | ETS DE ENXEÑARIA DE MINAS | | 11.700 | 28.515 | | 2.700 | 8.000 | 8.000 | 17.299 | | 5.000 | 3.500 | 3.000 | | | 10.376 | 5.400 | | 3.085 | **106.575** | 260 | **260** | 10.000 | **10.000** | **116.835** |
| 0009 | FACULTADE DE BIOLOXIA | | | 19.000 | | 3.000 | 6.979 | 3.000 | 45.000 | 1.000 | 9.000 | 3.500 | 2.000 | | | 12.741 | | 2.000 | | **107.220** | | **0** | 10.000 | **10.000** | **117.220** |
